

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA DO 26 DE ABRIL DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Fidalgo Iglesias, Miguel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e seis de abril do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa,

Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos Pleno de Concello, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás 9 da mañá, orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(59).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA 22.02.2017).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2017.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(60).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL INSTANDO AO PARLAMENTO DE GALICIA A APROBAR UNHA LEI INTEGRAL DE IDENTIDADE DE XÉNERO NA ACTUAL LEXISLATURA. REXISTRO PLENO 1541/1101

PRESIDENCIA: Hai unha declaración institucional instado ao Parlamento de Galicia a aprobar unha Lei Integral de Identidade de Xénero, estaba aparentemente consensuada entre tódalas forzas políticas, apareceu unha diverxencia do grupo

Popular, propoño que a retiremos para ser negociada e poder traela como tal declaración institucional de forma colectiva se lles parece aos membros do Pleno. Queda retirada.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(61).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS. EXPTE. 11989/306 (REXISTRO PLENO 1539/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 27 de marzo, o técnico de Administración Xeral de Medio Ambiente, conformado polo xefe de Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sra. M^a Jesús Lago Rey, emite o seguinte informe proposta,

"I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. Por Orden de Servizo da Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable de 29 de xuño de 2016, iniciouse o procedemento administrativo de modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais, aprobada polo Pleno do Concello o 16 de febreiro de 2000 (BOP nº 119, de 22 de xuño do 2000), Expte. Nº 11989/306.

I.2. Con data 13 de xullo de 2016, o Sr. Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emitiu, co conforme da Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, Memoria Xustificativa sobre a modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais. Segundo se recolle na devandita Memoria Xustificativa, a pretensión modificadora responde a un dobre obxectivo:

1. Modificar o artigo 7.3 da Ordenanza Municipal e a súa disposición derogatoria para dar resposta a demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areas do concello de Vigo.
2. Modificar o artigo 42 co obxecto de adaptar a normativa municipal en materia de sancións as modificacións realizadas pola Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

I.3. En relación coa pretendida modificación do artigo 7.3 da Ordenanza Municipal e a súa disposición derogatoria, con data 21 de xullo de 2016, a Concelleira-Delegada de Medio

Ambiente e Vida Saudable solicitou informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) e da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

I.4. Con data 22 de agosto de 2016, DOC. Nº 160112070, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, no que comunican que non é competencia da Consellería de Sanidade informar sobre a circulación ou permanencia de cans e outros animais nas zonas de baño, xa que esta cuestión non se regula na normativa sanitaria sobre zonas de baño.

I.5. Con data 8 de outubro de 2016, DOC. Nº 160134426, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) no que se manifesta a conformidade do devandito organismo co texto da proposta da modificación pretendida. Asemade, có carácter de «numerus apertus» e có obxecto de compatibilizar a creación de “lugares de espaxamento canino” en determinados areas do municipio coa «voluntas legis» da Ley22/1988, de 28 de xullo, de Costas, dan traslado dunha serie de consideracións a ter en conta na determinación dos areas nos que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas [*Disposición Transitoria Terceira] (LPACAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos (LRXTAPP).
- Lei do Parlamento Galego de Protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro 1/1993, de 13 de abril (LPADSC).
- R.D. 287/2002, de 22 marzo, polo que se desenrola a Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos.
- Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (publicada no BOP nº 119, de 22 de xuño de 2000).

III. XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

III.1. A Lei 1/1993, do 13 de abril, ten por obxecto a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, baixo a posesión do ser humano. O devandito texto legal fixa como principio fundamental de protección destes animais ó da posesión ou tenencia responsable, de modo que os afectados asuman o coidado dos animais en todos os aspectos contidos na mencionada Lei como a contraprestación humana que se lles debe fronte o afecto ou utilidade que significa o animal para o seu posuidor.

A Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión dos animais potencialmente perigosos, ten por obxecto establecer a normativa aplicable á tenencia de animais potencialmente perigosos para facela compatible coa seguridade de persoas e bens e de outros animais.

A Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais foi aprobada polo Pleno do Concello o 16 de febreiro de 2000, tendo por obxecto asumir os motivos que figuran na parte expositiva das mencionadas leis e establecer os requisitos esixibles no termo municipal de Vigo para a tenencia responsable de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro, incluso dos cualificados como potencialmente perigosos, de xeito que a súa utilización proveitosa polas persoas sexa compatible coa protección dos propios animais e a eliminación dos riscos que poidan derivarse para a vida, saúde e integridade física das persoas e a seguridade dos bens.

O artigo 11 da mencionada ordenanza, no seu apartado segundo, establece que a autoridade municipal poderá fixar os espazos e horarios de espaxamento para animais nos que poderán circular libremente soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

Nos últimos anos constatouse a existencia dunha importante demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areas do concello de Vigo. Habida conta de que o artigo 7.3 da ordenanza municipal establece a prohibición da circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, definido este como o comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, faise necesaria a modificación da normativa municipal co obxecto de adaptala á realidade cidadá e compatibilizar as necesidades de todos os usuarios dos Areas do municipio, garantindo, así mesmo, o respecto ao medio ambiente e a salvagarda da salubridade pública.

III.2. A Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, modificou esta última, entre outras cuestións, nas relativas ao importe das sancións previstas. Con independencia de que na materia existe unha clara prevalencia da normativa sectorial estatal e autonómica sobre a tipificación contida nas Ordenanzas, é conveniente, en aras do principio de seguridade xurídica, afrontar a modificación do artigo 42 (sancións) da Ordenanza Municipal co obxecto de acomodar os importes das sancións ó preceptuado na normativa autonómica.

IV. CONTIDO DAS MODIFICACIÓNS:

IV.1. Na Memoria Xustificativa emitida en data 13 de xullo de 2016, que se dá integramente por reproducida, propónse modificar a Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de

Animais nos seguintes puntos:

IV.1.1. Engadir no artigo 7, un apartado.3bis.

Esta modificación ten a súa xustificación na pretensión municipal de exceptuar da prohibición xeral contida no artigo 7.3 aqueles areas respecto dos cales a autoridade municipal os delimite como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

IV.1.2. Engadir no artigo 7, un apartado 3ter.

A devandita modificación ten como finalidade deixar claro que, polo que os cans potencialmente perigosos se refire, estes deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo, de conformidade có preceptuado na normativa pola que se regula a tenencia deste tipo de animais.

Polo tanto, o actual artigo 7.3 pasaría a ter a seguinte estrutura:

- Artigo 7.3: Establece a prohibición xeral da circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, definido este como o comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.
- Artigo 7.3bis: Exceptúase da prohibición xeral contida no artigo 7.3 aqueles areas respecto dos cales a autoridade municipal delimite como zona de espaxemento canino.
- Artigo 7.3ter: Exceptúase do disposto no artigo 7.3bis os cans calificados pola normativa de aplicación como potencialmente perigosos, os cales deberán ir sempre suxeitos con correa e bozo.

IV.1.3. Modificar a redacción da disposición derogatoria da Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais.

O último parágrafo do artigo 19 da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), establece a prohibición de permanencia, tránsito ou paseo de cans e outros animais polas praias do termino municipal.

Habida conta da dualidade normativa reguladora da materia relativa a permanencia de animais nos areas do municipio, e con independencia da aplicación do principio legislativo "lex posterior derogat priori", a pretensión da nova redacción da disposición derogatoria da Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais, na que se deroga expresamente o último parágrafo do artigo 19 da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes, é aclarar, sen ningún xénero de dúbidas, a normativa municipal de aplicación.

IV.1.4. Modificar o artigo 42.

Dita modificación ten como finalidade adaptar as sancións de multa previstas na Ordenanza Municipal aos novos importes establecidos na Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da

Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

IV.2. Tendo en conta a pretendida modificación do artigo 7.3 da Ordenanza Municipal resulta xustificada, así mesmo, a modificación do seu artigo 41.1.p).

A devandita modificación ten como obxectivo harmonizar a nova redacción do artigo 7.3 da Ordenanza Municipal coa tipificación contida no artigo 41.1.p) da devandita ordenanza.

V. COMPETENCIA MUNICIPAL:

V.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales medio ambiente urbano (Art. 25.2.b] LRBRL), configurado este como servizo público de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Art. 26.1.d] LRBRL). Asemade, compete ao Alcalde a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio (Art. 16 LPADSC).

V.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA.

V.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

V.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

V.5. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

V.6. De acordo co artigos 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

V.7. Entrada en vigor: Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a modificación da Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

VI. PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de Modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (exp. Nº 11989/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (exp. Nº 11989/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

VII. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, por proposta da Xunta de Goberno Local e previa aprobación do proxecto pola mesma, a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte, ACORDO:".

Polo anteriormente exposto o informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en data 30 de marzo de 2017, aproba a proposta mencionada.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en sesión ordinaria do día 19 de abril de 2017, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. LAGO REY: Comezamos con este procedemento de aprobación en Pleno do proceso administrativo que avala que Vigo como cidade poida ter unha ou dúas praias ou as que sexan para o goce dos animais na tempada estival, este é unha gran reclamación dos cidadás, hai en Medio Ambiente recollidas 5.000 sinaturas de persoas que fixeron esta petición, cremos que é interesante, que nos sitúa pois á altura un pouco do que pensa este goberno da tenencia de animais e sobre o coidado de animais. Comeza así despois desta aprobación o procedemento que continúa é un mes de exposición pública e as praias que se queiran adoptar para este fin, pois están avaladas polas administracións como é Costas de Pontevedra que sempre vai revisar un pouco os requisitos de que as praias se poidan limpar mecanicamente, que non teñan marisqueo preto, é dicir, que cumpran unha serie de requisitos pois tanto para os usuarios como para os animais.

PRESIDENCIA: Quería dar publicamente felicitacións á Sra. Lago Rey pola súa aventura en compañía doutras dúas mulleres que marca un fito na capacidade da exploración e mobilización no ámbito de terras duras, agrestes e xeadas e singularmente polo telo feito tres donas de aquí, da nosa cidade de Vigo, os nosos parabéns, benvida e queda constancia do noso orgullo colectivo como cidade.

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar, sumarnos ás felicitacións pola nosa concelleira polos éxitos e polo novo fito histórico de que unha viguesa levou a cabo en materia de exploración, de descubrimento dos recunchos máis difíciles do mundo.

En relación á ordenanza dicir que o grupo municipal do Partido Popular queremos transmitirle a tódolos vigueses/as que estamos totalmente sensibilizados coa defensa, co coidado e coa ampliación e actualización da normativa en materia animal. Profundamente sensibilizados contra o maltrato animal, moi sensibilizados contra o abandono e tamén moi sensibilizados contra o sacrificio dun animal doméstico simplemente porque non aparece un adquirente nun prazo curto de

tempo. Cremos na adopción como a única forma de solucionar os problemas de sacrificio dos animais na nosa cidade pero tamén entendemos que a adopción require de campañas de concienciación, de achegamento desta sensibilización aos cidadáns e por isto cremos que esta lei debe ir acompañada tamén por campañas que permitan entender e achegar a importancia da defensa dun animal aos cidadáns. Por iso o primeiro que pedimos é que o goberno local e a nova ordenanza vaian da man neste senso e a partires de aquí precisar que nos parece que esta ordenanza que se presenta pois é claramente insuficiente, si é certo que era necesario unha actualización pero cremos que é polo menos carente de ambición, non sabemos se é porque non se contou coas partes implicadas neste tema, protectora, veterinaria, asociacións, pero o certo é que nos parece un pouco decepcionante, polo tanto anunciamos que presentaremos emendas dirixidas a mellorar a relación entre os cidadáns e os animais domésticos e eu o que lle queremos transmitir aquí é que para moita xente un animal doméstico é máis que unha mascota, é dicir, é un guía, é un acicate para ter preocupación cando un vive en soidade ou viuvez ou incluso moitas veces simplemente dun froito de humanidade.

En relación coas praias, dicir que estamos de acordo o que pasa que levamos dous anos consecutivos dicindo que se vai implementar esta medida e este ano tampouco imos chegar a tempo, sorpréndenos que tendo esta antelación na aprobación da ordenanza teñamos que esperar ao ano seguinte para que os vigueses poidan gozar dunha praia na que poidan levar as súas mascotas ou animais.

A ordenanza precisa mellorar na regulación de tenencia de animais en casas particulares, tamén na identificación dos mesmos, non só dos cans e dos gatos senón que cremos que tódolos animais deben ser identificados, a eliminación do sacrificio como unha opción, sempre que o animal se atope en perfecto estado, a regulación da cría como lucro cando hai problemas de superpoboación, non estamos a favor de que se procure obter beneficio económico na cría cando hai problemas de superpoboación ou a adopción ou a prohibición expresa de animais en tódolos locais de restauración, sabemos que isto está a cambiar en moitas cidades de Europa e cremos que Vigo pódese adaptar a esta regulación. Por iso, confiamos en que estas emendas que se poidan presentar que tódolos vigueses/as

e o goberno municipal poidamos implementar esas melloras que entendemos que son necesarias e simplemente dicir que dende o grupo municipal do Partido Popular estaremos sempre apoiando na defensa do mundo animal e dende logo apoiando na adopción que cremos que é a mellor solución para regular o gran problema de superpoboación e sobre todo o gran problema de sacrificio de animais da nosa cidade.

SRA. LAGO REY: Sr. Gago agradézolle moito a felicitación e clarexar unha cousa, que chegamos perfectamente a tempo para que este verán en tempada estival haxa praias para cans, é aprobación hoxe, un mes de exposición pública, Xunta de Goberno Local para decidir que, cal e onde segundo Costas do Estado, iso por unha banda. Despois estou de acordo con que a concienciación sempre é algo favorable e as campañas pódense aumentar, pero vostede ten que valorar que este goberno duplicou o convenio coa protectora de animais para que os animais estean mellor atendidos, que hai dous veterinarios cando antes había só un, que hai coches novos, hai obras, que todo está moito mellor e que na protectora de animais hai 600 animais porque non se sacrifican, se hai algún sacrificio é só único e exclusivamente por criterio veterinario, onde eu como concelleira non teño nada que dicir pero non hai sacrificios por exceso de animais, é que non os hai, de feito pois o tema da esterilización dos gatos na rúa, levamos un número increíble, cerca de 4.000 esterilizacións na rúa, os gatos tampouco se sacrifican, se esterilizan. Quero que esta cidade non fixo outra cousa que mellorar en canto a temas de animais en tódolos sentidos, que a norma segue dicindo o dos 20 días o sacrificio, pero non se leva a cabo, non o levan a cabo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do

Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (exp. Nº 11989/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.3:

- Engadir no artigo 7, un apartado 3 bis. á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, aprobada definitivamente polo Pleno de 16 de febreiro de 2000 (BOP nº 119 de 22/06/2000), que terá o seguinte teor literal:

“3bis. Exceptúanse expresamente do preceptuado no artigo anterior aqueles areas respecto dos cales, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 desta Ordenanza, a autoridade municipal delimite como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a”.

- Engadir no artigo 7, un apartado 3ter, que terá o seguinte teor literal:

“3ter. Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans calificados como potencialmente perigosos, conforme a normativa pola que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable”.

MODIFICACIÓN DO APARTADO P) DO ARTIGO 41.1, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“p). A circulación e permanencia de animais en piscinas públicas durante a tempada de baño, así como nas praias durante o período estival fóra dos lugares e horarios establecidos para que poidan circular libremente e soltos”.

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 42, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“Artigo 42

As infraccións indicadas no artigo anterior sancionaranse con multas de:

- a) As leves, de 100 a 500 euros.
- b) As graves, de 501 a 5.000 euros.
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 euros”.

MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“Queda derogada a Ordenanza municipal sobre tenencia de animais, aprobada polo Concello Pleno en sesión do 8 de xullo de 1984, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango, acordo ou resolución que se opoña ó establecido na presente ordenanza, en concreto queda derogado o ultimo paragrafo do artigo 19 da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994)”.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidirán, co seu superior criterio, o que estimen oportuno

4(62).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 18114/541 (REXISTRO PLENO 1542/1101).

ANTECEDENTES: Con data 10.04.2017, o Tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINHAP.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera

recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación"

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhaf.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes

haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2017.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2017 que se achega

xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Situación	Entidade Local	Xerencia M. Urbanismo
Pagos feitos no trimestre		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	5.614	60
Importe dos pagos	31.804.211,27	200.998,76
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	7	0
Importe	10.408,34	,00
PMP (período medio de pago do trimestre)	19,86 días	21,24 días
Intereses de demora pagados no trimestre		
Nº de pagos	,00	,00
Importe	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	316	23
Importe dos pagos	4.115.476,64	50.042,83
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	4	0
Importe	13.230,78	,00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	12,19 días	12,93 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de facturas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750. No transcurso do trimestre, hai un gran número de facturas deste subministro, que por erros na súa emisión (aplicación da Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo) son rexeitadas.

En relación coa facturación pendente de pago, como é normal, a facturación do mes de decembro, pagase nos primeiros días do mes de xaneiro. Na primeira semana de xaneiro do ano 2017, pagáronse máis da metade dos saldos pendentes ao peche do exercicio, o resto dos pagos, fixéronse no transcurso do mes de xaneiro.

En canto á factura pendente de pago ao peche que está fora do período medio de pago, pola súa pequena contía non merece comentario.

En relación coas facturas pagadas fora de prazo, a súa maioría se corresponden co contrato de renting, aínda así, a porcentaxe que representa sobre a totalidade de pagos por débeda comercial no período, é dun 0,3%.

Resumo por trimestres de morosidade

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2017				
Trimestres	Entidade Local		Xerencia Municipal Urbanismo	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
Primeiro Trimestre	19,86	12,19	21,24	12,93
Segundo Trimestre				
Terceiro Trimestre				
Cuarto Trimestre				

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a

aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2017												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-12,62	-12,48	-12,2									
MARCO	52,48	37,7	2,05									
XMU	-20,46	-13,85	-10,37									
PMPGlob.	-12,12	-11,82	-12,10									

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 19.04.2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para render conta dos pagos a provedores e dicir que continuamos á senda marcada no último trimestre do ano 2016 onde xa fomos a primeira cidade en prazo de pago á provedores, nestes datos do primeiro

trimestre do ano 2017 continuamos á cabeza das cidades de España. Hai que dicir que os rankings non son importantes por se mesmos senón polo que poñen de manifesto, neste caso poñen de manifesto que o goberno local ten un plan axeitado para facer o pagamento aos provedores para xerar a confianza necesaria coas persoas coas que contrata, ten un plan de execución dos orzamentos e ten tamén caixa suficiente para facer fronte aos pagamentos nos prazos debidos, hai que dicir que máis que nos prazos debidos antes incluso de que comecen a computar os prazos debidos.

No contexto do Estado español hai que ter en conta que o prazo normal de pagamento se situou neste primeiro trimestre do 2017 nos 59 días, é dicir, no límite que teñen as Corporacións locais para facer fronte ao pagamento das súas facturas, sen embargo no caso de Vigo nos situamos moi por debaixo dese prazo posto que pagamos antes de que comece a computar ese prazo polo tanto, doce días antes de comece a computar o prazo para facer o pagamento o Concello de Vigo xa ten feito o pago aos seus provedores.

Hai que dicir que dos datos que reflicte o último informe do Ministerio de Facenda e función pública das 96 principais cidades de toda España, tan só oito fan o mesmo que fai a cidade de Vigo sendo a cidade de Vigo a primeira desas oito que fai o pagamento antes do prazo, insisto, isto non é relevante por ser o primeiro do ranking senón que é relevante polo que pon de manifesto, e pon de manifesto a intención deste goberno de dotar caixa ás empresas, neste tempo de crise facilitar o acceso á liquidez das empresas e así tamén pon de manifesto o bo funcionamento dos servizos municipais que temos un plan axeitado de pagamento a provedores, de rexistro a facturas, os datos son incontrovertidos posto que como saben o sistema de facturación electrónica deixa un rexistro claro de cando se recibe a factura e de cando se recibe a orde de pago, así como cando se fai ese pago e nese caso o pagamento do interese.

Polo tanto, o Concello de Vigo é o modelo, é o referente dos máis de 8.000 municipios de España, símbolo de que o seu Alcalde é tamén o presidente da Federación de Española de Municipios e Provincias e que os demais municipios de toda España intentan seguir o exemplo desta cidade de Vigo, tal e como se puxo de manifesto nunha recente reunión en Madrid onde nos preguntaban como facíamos este procedemento posto que estamos neste primeiros postos do ranking.

Se facemos unha comparativa coas principais cidades españolas coas que nos temos que comparar efectivamente, vemos que Barcelona paga en máis un día, é dicir, en 31 días está a pagar aos seus provedores, Vigo en menos 12, polo tanto, antes de que comece este prazo, en Madrid 5,74 días, polo tanto, en 35 días, Vigo en menos 12 días. Hospitalet outra cidade que tamén estaba nos primeiros postos deste estudo feito polo Ministerio de Facenda, sempre está en 33 días, polo tanto, seguimos á cabeza das cidades de toda España.

Se nos comparamos tamén con cidades que fan un pagamento similar nos importes, por certo, algunhas coas temos conexión directa co aeroporto que non é casualidade, temos que Sevilla paga en máis 35 días, polo tanto, moito máis alá do que paga o Concello de Vigo, tamén Palma de Mallorca 55 días, moito máis alá dos menos 12 días dos que paga o Concello de Vigo, as Palmas de Gran Canaria pagan en máis 28 días, polo tanto, insisto máis alá dos prazos de pago da cidade de Vigo, e Valencia outra cidade similar tamén paga en máis 15 días, polo tanto, continuamos á cabeza das principais cidades de toda España non só en poboación senón en impulso económico.

O mesmo sucede no caso de Galicia onde somos a primeira cidade en pago a provedores.

Hai que dicir, insisto, que deste primeiro trimestre pagouse doce días antes de que comezase a computar este prazo e se fixeron un total de 5.674 pagamentos por un importe total de 32 millóns de euros, polo tanto, nun tempo excepcionalmente rápido para dotar de liquidez ás empresas e cumprindo os compromisos que asume este Concello de Vigo, ao finalizar o trimestre quedaban pendentes de pago 339 operacións cun ratio de pago de 12 días, polo tanto, seguindo nese escenario de pago pronto a provedores, hai que dicir pouco máis alá dunha semana os provedores deste Concello de Vigo teñen pagadas as facturas polos seus servizos e polas entregas de bens que fan ao Concello de Vigo.

Insisto, bos datos, continuamos a boa senda no Concello de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Está ben, os datos son bos, os números son importantes pero tamén as tendencias, claro que Vigo se pode comparar co conxunto dos concellos deste país que teñen algúns deles situacións ridículas, o outro día aparecían os concellos que máis tempo tardan en pagar e había concellos da provincia de

Ourense que superaban os 400 días e non é unha cousa bastante inusual en moitos pequenos concellos, pero nós tamén queremos poñer en valor as tendencias e aquí, polo menos para nós, non hai unha tendencia importante de diminución, é máis, creo que o período de pago co que hai que comparar é o mesmo trimestre do ano anterior porque entendemos que moitos dos pagos a provedores son secuencias ao longo dun exercicio pois ao mellor ao longo de varios anos vanse facendo no mesmo trimestre e hai un pequeno aumento con respecto ao ano 2016, onde polo menos nos datos que figura na propia web do concello, de 16,72 días que estábamos no primeiro trimestre do 2016, a 19,86 días, en todo caso son bos datos, nós o que dicimos é que se a tendencia, o levamos a dicir durante moitos meses case dende o inicio da lexislatura, é bo ir mellorando os números, ir recoñecendo as facturas, digo recoñecer as facturas porque as veces tamén hai unha presa de darlle para adiante as facturas e que ao fin e ao cabo non teñen unha auditoría previa de que as facturas se corresponden co ben do servizo, iso ten pasado en moitos concellos pero nos queremos falar da tendencia que está habendo en moitos concellos porque hai concellos que pasan de 90 días a 16 días, en menos de dous anos, hai concellos nos que os gobernos municipais, algúns gobernos municipais tamén do Partido Socialista herdaron unha administración e unha facenda que pagaba en máis de 100 días e hai concellos que están a facer esforzos titánicos precisamente para reducir de maneira importante polo tanto, non é compararse con concellos nos que partían as corporacións nesta lexislatura con período medio de pago de máis de 90 días e pasaron a menos de 30 días, hai que compararse precisamente coa nosa propia situación de que nós tampouco é que partiramos de período medio de pago excesivamente alto dende o inicio da lexislatura.

En todo caso, o dato é bo pero as tendencias a nós nos gustaría que se foran mellorando de maneira sensible ao longo dos anos e comparar cos trimestres porque entendemos que xa dicimos que a maior parte dos pagos prodúcense nos mesmos trimestres ao longo dos anos fiscais.

En todo caso isto non é un ranking porque hai concellos que efectivamente fixeron esforzos titánicos ao longo dos últimos anos para evitar precisamente pagos por enriba dos 100, 200, incluso dos 300 días e mellorar incluso a situación das súas facendas e creo que Vigo tense que comparar consigo mesmo, nós seguimos

pensando que os datos son bos pero que pode haber un certo estancamento nese período medio de pago porque durante os últimos meses a evolución tampouco é significativa, iso que vemos é a tendencia e non o número.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Efectivamente, Sr. Aneiros, xa estamos acostumbrados a que nas súas intervencións non faga outra cousa que poñerse medallas, evidentemente hoxe non nos decepcionou, hai cousas que non dixo, non dixo que no primeiro trimestre deste anos se pagaron bastantes menos facturas que no primeiro trimestre do ano 2016, o que quere dicir que van vostedes máis lentos, 5.600 facturas fronte a 7.200 do primeiro trimestre do ano anterior, tampouco dixo que a diferencia entre obrigacións recoñecidas e pagos é superior ao primeiro trimestre do ano 2016, na que era 1,7 millóns e neste trimestre 3,4 millóns. En fin, hai cuestións que non dixeron os datos de pago, pagan vostedes rápido é evidente e dende logo nós ímolo recoñecer pero xa só fallaría, co Remanente de Tesourería que ten porque non só pecharon o ano 2016 cunha caixa de 97 millóns de euros senón como despois veremos no seguinte punto no que analizamos a execución orzamentaria, no primeiro trimestre do ano incrementaron vostedes o seu Remanente de Tesourería e relación ao do ano 2016 nada máis e nada menos que en 10 millóns de euros, ata chegar aos 94 millóns de euros de Remanente de Tesourería Sr. Aneiros, se non executan pois evidentemente o remanente cada vez é maior e o pouco que executan só fallaría que vostedes non o pagaran rápido, xa só fallaría.

Pero é que o problema aquí non é só que paguen algunhas cousas e outras non, o problema é que vostedes a quen teñen moi contentos é evidentemente ás concesionarias que si que emiten facturas e llas pagan vostedes moi rápido, pero en todos aqueles compromisos que ten o Concello de Vigo e non paga a iso tampouco fai referencia porque, claro, vostedes xa é un clásico que asinen convenios e despois non paguen, débenlle 11,5 millóns de euros a Zona Franca dende hai oito anos e agora parece que din que non llo van pagar, asinar convenios do transporte metropolitano e tampouco os cumpren, agora din que tampouco van cumprir o convenio do transporte metropolitano.

En definitiva, cando un adquire compromisos e non cumpre co que se compromete evidentemente o resto ten cartos de sobra para estar pagando e tamén unha vez

máis falamos de subvencións porque aquí non están computadas ás subvencións e hai moitos colectivos que están esperando que lles paguen a subvención que lle corresponde e que pasan meses e meses e seguen esperando que lles paguen. Polo tanto, está ben que se poñan medallas, que presuman pero deberían presumir tamén e a nós o que nos gustaría é que tamén se puxeran medallas polo cumprimento dos convenios asinados e que aí foramos tamén un exemplo, tamén me gustaría que puidésemos ser un exemplo e quitar peito coa realidade dos números evitando desafuzamentos nesta cidade que existen e que vostedes non só os negan senón que non fan absolutamente nada cando aparece un caso e casos moi graves, tamén me gustaría que puideramos quitar peito en que somos o concello que máis rapidamente quitou o Plan Xeral, pero desgraciadamente non podemos e tamén me gustaría que puideramos quitar peito en ser un concello exemplar e lamentablemente nos últimos tempos non podemos presumir moito de que sexamos un concello exemplar e de que este goberno municipal sexa un goberno exemplar porque a realidade é que este goberno está baixo sospeita e está baixo sospeita non só da oposición, está baixo sospeita dos tribunais de xustiza, non se poñan nerviosos e fagan chistes fáciles porque eu creo que isto os vigueses tómano moi en serio e cando o seu goberno está na prensa e nos xulgados día si e día tamén entón preocúpanse e moito, a min paréceme moi grave que haxa funcionarios que vaian a abrírselles xuízo oral por delitos graves e se lles pidan oito anos de cárcere por delitos graves, por un delito dun presunto enchufe nada máis e nada menos que a cuñada da Primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva, que unha vez máis está ausentada deste Pleno neste momento, pois ben a nós nos parece grave que se vaia a xulgar en xuízo oral a un funcionario polo suposto enchufe da cuñada da Sra. Silva, por certo, mesmo funcionario ao que se lle concede un plus e tamén e polo que coñecemos recentemente que hai dous concelleiros máis imputados un deles tamén cuñado da Sra. Silva, miren, eu creo que son cousas suficientemente graves como para que nos dean explicacións, insisto, moi ben que nos poñamos medallas na execución, nos pagos pero a min gustárame que nos puxéramos medallas tamén noutras cousas que desgraciadamente a día de hoxe non podemos.

SR. ANEIROS PEREIRA: Sobre os datos de pagamento de facturas a provedores

porque ese é o punto da orde do día, a tendencia é mellor incluso que a do ano pasado, repasando os datos do ano pasado, en xaneiro estábamos en menos 3,9 días, 3,3 días para ser precisos de pagamento, estamos agora doce días antes de que comece ese prazo polo tanto a tendencia é favorable, a tendencia da que falo é tamén do Concello de Vigo non tanto doutros concellos onde se quere podemos facer algunha referencia pero tamén é certo e contestando á Sra. Muñoz que o pagamento de facturas no mes de decembro foi moi superior ao pagamento de facturas no ano anterior, polo tanto, xa pagamos moitas máis facturas no mes de decembro do 2016 que quedaron menos pendentes de pago para o 2017, polo tanto, cumprimos co pagamento aos provedores e de xeito extraordinario co prazo de pago aos provedores, insisto, antes de que comece o prazo de pago das facturas o Concello de Vigo, no entorno dos dez días, polo tanto neses doce días está a cumprir con tódolos seus compromisos, cando o Concello fai un encargo dun servizo, dun ben cumpre cos seus compromisos, igual que cumpre aínda que non é obxecto de informe neste punto, co pagamento das subvencións, claro que si porque boa parte, tódolos colectivos sociais desta cidade ven cumpridos sobradamente os convenios e as axudas que teñen concedidas, tamén as familias que precisan desa axuda, máis de 3.000 axudas concedidas xa nesta materia.

Volvendo ao tema dos pagadores eu non sei Sra. Muñoz se non se contaxia un pouco da zona onde estamos, estamos na zona optimista rúa Pracer, Progreso, contaxiase un pouco porque os datos son bos, eu entendo que a vostede lle gustaría que os datos foran malos pero se é así dígao porque non é malo ter caixa, iso significa que os servizos funcionan, que a execución do orzamento se cumpre, que a recadación se obtén, e polo tanto, como hai caixa precisamente porque hai caixa, pódese pagar antes que ninguén aos provedores, para que? Para dotalos de liquidez e para que poidan seguir funcionando as actividades económicas da nosa cidade que iso é o que nos preocupa, iso é o relevante deste ranking. Resulta sorprendente que lle leve a contraria ao seu ministro, o Sr. Montoro, porque sitúa a Vigo como a primeira das principais cidades de España en cumprimento do prazo de pago aos provedores, a primeira, polo tanto, iso é relevante que nun informe do Ministerio de Facenda do Sr. Montoro, Vigo sexa a primeira cidade en pago a provedores de toda España. Insisto o dato é bo, podo entender aínda que non o comparto por suposto, que a vostede lle gustaría que estivésemos á cola, que isto

fose fatal, pero non, o certo é que cando se recibe a factura os funcionarios do servizo controlan que o servizo está prestado, que o ben foi entregado e que é o contratado, unha vez que se comproba iso o funcionario competente remite a factura e os servizos de Contabilidade, de Tesourería aceleran os trámites para facer os pagos no prazo máis breve posible, insisto, a finalidade é mellorar as condicións de solvencia das empresas, non é estar os primeiros no ranking, o ranking reflicte que somos a administración local máis preocupada porque os nosos provedores teñan o pagamento antes incluso de que teñamos a obriga legal de facer fronte a ese pago, iso é o que nos motiva, dotar de maior solvencia, de maior liquidez ás empresas da nosa cidade, ese é o noso cumprimento.

Polo tanto, cumprimos sobradamente o prazo de pago a provedores e cumprimos tódolos compromisos que temos asumidos, hai que preguntarse se outras administracións fan o mesmo con esta cidade, parece que a Xunta de Galicia evidentemente non.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

5(63).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2017, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 50/143 (REXISTRO PLENO 1543/1101).

ANTECEDENTES: Con data 11 de abril de 2017, a Dirección superior contable e orzamentación emite o seguinte informe,

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de

Execución Orzamentaria para o ano 2017, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2017.

Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2017, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados da Entidade Local e da XMU.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade e do Organismo Autónomo, así como o consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gasto e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local, organismo autónomo e consolidados a 31/03/2017.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

Estado dos períodos de pago do primeiro trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 19.04.2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para facer referencia á execución deste primeiro trimestre do ano 2017 no que refire aos orzamentos do Concello de Vigo. En cumprimento polo tanto das bases de execución do Orzamento aprobado neste Concello no pasado mes de decembro do 2016, hai que destacar de novo que somos unha das poucas cidades de Galicia por non dicir a única que conta cun orzamento para este ano 2017 e tamén que conta bos ratios de execución deste orzamento, o informe a autoridade fiscal independente recibido case apenas esta mañá así o reflicte, reflicte que Vigo atópase entre as principais cidades de toda España Vigo, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza, Málaga entre esas principais cidades que ten uns mellores ratios no seu orzamento, polo tanto, é un aval moi importante as contas públicas desta cidade, significa por suposto que temos orzamento, que temos orzamento aprobado e que estamos a executar ese orzamento. Unha execución de orzamento que se fai nun contexto de boa xestión no que hai nin imprevistos nin situacións descontroladas posto que non se utilizou o fondo de continxencia neste trimestre e que tampouco se utiliza o pago de intereses de débeda, estamos nunha situación que como todos sabemos xa, de débeda cero.

O importe executado dos pagos no capítulo II e VI neste primeiro trimestre foi de 32

millóns de euros neste primeiro trimestre do ano, adicados a satisfacer as necesidades básicas dos cidadáns desta cidade, a satisfacer a demanda de dignidade na vida das persoas e por suposto a ser motor da economía e da transformación da cidade, neste caso están en marcha xa boa parte das axudas á contratación de traballadores por parte das empresas, a fomentar a creación de empresas por parte da mocidade, hai que dicir que xa temos un importe de 111 persoas contratadas de acordo con estas axudas para a creación de emprego. Tamén temos no contexto das organizacións non gubernamentais, das asociacións que crean postos de traballo, máis de 180 postos de traballo creados coas axudas deste Concello, por suposto nos convenios en marcha incrementarase estas axudas, estas contratacións por parte das axudas do Concello de Vigo.

Hai que dicir tamén que neste contexto fíxose unha modificación orzamentaria 8-2007 pola que se incorporan os remanentes, que para iso serven Sra. Muñoz a ver se se decata, do 2016 por importe de 11 millóns de euros, obras de humanización que se están a facer por toda a cidade, por tódolos barrios desta cidade, na zona de Bouzas coa rúa Ferreiros que como puideron ver na recente brincadeira quedou perfecta, na zona de Coia coa remodelación da rúa Castelao, na Praza da Independencia na zona das Travesas coa rúa Hispanidade, rúa Camelias, Álvaro Cunqueiro, incluso na mellora do pavillón de travesas, na zona da estación de autobuses na Doblada e no barrio de Casablanca coa rúa Gregorio Espiño, con Martínez Garrido na fase terceira coa rúa Estornino, na zona de estación de tren de Urzaiz coa remodelación da Vía Norte, na zona de Teis e da rúa Aragón na fase cuarta, na rúa Doctor Corbal, no pavillón de Teis, nas instalacións deportivas da Etea, na zona centro por suposto coa xa remodelada rúa de García Barbón pero sobre todo coas rúas Rosalía de Castro, LLorente aquí máis cerca e coas obras da UNED, na zona de Balaídos-Castrelos coa grada de Río e parque infantil e das melloras das instalacións deportivas, polo tanto, para iso serven os remanentes Sra. Muñoz, son humanizacións en marcha que continúan neste ano 2017 e que melloran toda a cidade, non só na parte superficial senón na mellora de canalizacións, do subministros de auga potable, na recollida de augas pluviais e na mellora da cidade.

Pero ademais tamén executamos partidas que van adicadas directamente á cidadanía, o importe adicado ao bono-bus, as lanzadeiras á Universidade, as nove

escolas infantís que pagamos trimestralmente cun importe medio de 33.000 euros, ás escolas municipais, o aluguer da UNED e por suposto a política social para que ninguén pase necesidade, para axudar ás familias que máis o necesiten, neste primeiro trimestre libráronse axudas a familias por importe de 400.000 euros, págase o centro de servizos sociais, o comedor, bolsas de libro e comedor por máis de 422.000 euros e páganse os canguros para as mulleres que sofren violencia de xénero ou que precisan da axuda destas persoas para o coidado das súas familias e por suposto axudas na promoción da cidade cos bos datos da ocupación turística e de vos no aeroporto desta cidade.

Polo tanto, cumprindo coas necesidades desta cidade e adicando os cartos desta cidade ás cidadás/áns.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos facer un exercicio de contención, imos facelo entre outras cousas porque non aterramos aquí dende Saturno senón que vivimos o anterior exercicio orzamentario e falar de execución a inicios ou case bordeando o inicio do segundo trimestre do ano pois nós non imos aventurar absolutamente nada sobre a obra de execución, poderíamos facelo por estadística, incluso por saber precisamente cales son as prioridades deste Concello, dende logo o grado de execución á altura do ano pasado, a alturas deste mes se nos dicía exactamente o mesmo e chegamos ao final de ano cunha execución cando menos curiosa e si que é certo hai un grado de execución alto e moitos pagos que se fan ás concesionarias porque se papan entre salarios, dereitos salariais e sociais dos traballadores deste Concello e mais os pagos ás concesionarias polos servizos, pápanse gran parte deste Orzamento, a nós preocúpanos as cuestións dos investimentos e por que dicimos que nos preocupa? Porque tamén vostede ao inicio do debate deste trimestre, o ano pasado dicíanos que todo avanzaba en velocidade de cruceiro, que todo era unha situación positiva en canto a investimentos e chegamos ao final do ano cun grado de execución apenas do 8% no caso dos investimentos. É certo que tódalas obras que se van consignando ao fin e ao cabo, ao final de moitos exercicios fiscais vanse facendo, pero utilizando o truco de ir pasando os recursos económicos a través dos superávits dun exercicio a outro e hai humanizacións que como dicimos nós xocosamente, seguramente foron adxudicadas na época da ocupación romana de Vigo e logo vanse executando case coa ilustración, entón a

nos preocupápanos esa cultura de ir anunciando cousas, de utilizar os medios amigos para que sistematicamente se vaia facendo especiais a dobre páxina sobre humanizacións e logo xa iremos consignando cando haxa recursos a través do tempo. Hai exemplos, hai humanizacións anunciadas hai dous ou tres anos que aínda hoxe estanse executando porque vanse movendo partidas orzamentarias e o exemplo está neste documento, aquí hai xa consignado recursos económicos con modificacións de crédito que entendemos que son o superávit do ano pasado, e vostedes anunciaron determinadas obras do ano pasado que se van facer o ano 2017 co superávit que vostedes van movendo, coñecemos que non é responsabilidade exclusiva deste Concello, que esa estratexia precisamente do goberno do Partido Popular de só permitir aos concellos facer investimentos a través do superávit, pero cremos que polo menos hai que ser bastante coherentes e dicir que esta obra vaise executar neste período e con estes recursos económicos, porque logo tamén aparecen modificacións de crédito e orzamentarias importantes con algunhas concesionarias, Parques e Xardíns 300.000 euros máis, xa sabemos que é axustes de prezos, pero os axustes de prezo moitas veces tamén acaban en procesos xudiciais, os axustes de prezo tamén se facían en determinadas empresas concesionarias que logo acabaron en moitos concellos nos tribunais porque os axustes de prezo non se correspondían co servizo que estaban dando as concesionarias. Polo tanto, nós non imos a opinar dunha maneira formada a inicio do ano porque sabemos perfectamente como ao final de ano determinadas cuestións que se poñen nas partidas orzamentarias non se executan, e polo tanto, como nós seguimos pensando que o potencial ou o pouco potencial que tiña o superávit para que os concellos puidéramos utilizar este superávit que vostedes están consignando no 2017, sería unha boa oportunidade non ter soportado ou non ter sido unha parte importante de que o Partido Popular sega gobernando neste país, eu escoitei ao Alcalde dicir que “si, que seguramente o Sr. Montoro vains deixar empregar o superávit noutras cuestións por exemplo as partidas sociais”, vostedes din que está cuberto perfectamente as cuestións relacionadas coa pobreza e a exclusión social, hai 1.100 familias que quedaron fora do cheque, das axudas que vostedes dan, en suposto criterio de non cumprir os requisitos económicos pero que unha familia con 250 euros xa no cumpre os requisitos segundo as normas e as bases que vostedes fixeron para estas axudas. Polo tanto,

segue habendo moita necesidade de poder empregar ese superávit que vostedes van a consignar, e aquí aparece perfectamente explicitado como se van consignando as humanizacións, incluso con algunhas modificacións por enriba dos 800.000 euros, mentres non fagamos unha política bastante máis expansiva de solicitar que o superávit se poida utilizar noutras cuestións pois seguiremos utilizando iso de ir anunciando cousas ao longo dos anos e movendo as partidas orzamentarias. Seguramente ao final de ano volveremos a ver un superávit, unha remesa importante de cartos que se volverá a consignar no exercicio do 2018.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu creo que novamente estamos analizando e empezamos o ano analizando a execución do primeiro trimestre e é un calco do que pasou o ano pasado Sr. Aneiros, coas consecuencias que vimos todos na liquidación do Orzamento do 2016 e é que claro quen mal empeza mal acaba, e como vostedes empezan sempre mal, empezan despacio, lentos, son moi lentos executando o Orzamento, con tantos concelleiros que teñen e tanto do que presumen, hai que ver o lentos que son vostedes á hora de executar o Orzamento, claro non son tan lentos para executar unhas cousas como para outras, por exemplo, para recadar, para cobrar impostos aos vigueses aí se que son máis rápidos, vémolos na execución de Orzamento de ingresos, aí si que teñen unha porcentaxe moito máis alto que a dos gastos porque claro os vigueses pagan puntualmente os seus impostos e vostedes lles esixen cada día máis e os impostos cada día máis altos aos vigueses e para cobrar se que son vostedes moi dilixentes, por certo, unha vez máis van acabar cun premio especial no apartado das multas porque recadamos no primeiro trimestre a metade do presupostado para todo o ano, co cal van vostedes ben en bo ritmo nos ingresos por multas.

Sr. Aneiros, vostede dicía que non é malo ter caixa, evidentemente non é malo ter caixa Sr. Aneiros, é bo ter caixa se iso que pagan os vigueses puntualmente se lles devolve en forma de mellores servizos e é exactamente ao que vostedes non son capaces de facer, porque vostedes non son capaces de executar o Orzamento e logo teñen que estar, como dicía o voceiro de Marea de Vigo, incorporando remanente ano tras ano e por certo, non poden incorporar todo o remanente porque dicía, "incorporamos 11 millóns de euros para facer obras" xa só fallaría, e o resto do remanente, Sr. Aneiros onde está? Na caixa, porque non o poden

vostede incorporar, aí vai o Sr. Alcalde a pedirlle ao Sr. Montoro que como non aproba á primeira lle deixe aprobar á segunda e lle deixe incorporar os remanentes que lles quedan, si, ríanse, os que non se rin son os vigueses porque desgraciadamente teñen un goberno que non sabe devolverlle en mellores servizos o que lles cobra, e que lles fai pagar os impostos máis altos de Galicia e que despois non executan e non llo devolven en mellores obras. E vostedes poderán dicir o que queiran, e eu podería dicir o que vexo na execución do Orzamento porque si me decato, Sr. Aneiros, e sabe cal é o seu problema? Que eu me decato e eu vexo esta execución orzamentaria, ese é o seu problema, grave problema teñen porque aquí vese claramente o desastre de xestión que teñen vostedes, o desastre absoluto, son incapaces de quitar adiante un orzamento. Mire, voulle dicir as obras que están a facer no primeiro trimestre, a urbanización de Marqués de Valterra, lembra Sr. Aneiros? Cantas veces, levamos cinco anos para humanizar unha rúa de Vigo, cinco anos e así nos pasa cunha chea de rúas, coa vía Hispanidade, coa Praza de Compostela, con García Lorca, o parque infantil de Venezuela que agora nos están vostedes anunciando outra vez a bombo e a prato dende hai cantos anos que o prometeron? É que os nenos que podían utilizar ese parque cando o prometeron xa están na ESO Sr. Aneiros, e así vai todo nesta cidade lento, lento, porque vostedes son incapaces de executar o Orzamento e o que teñen que facer é preocuparse menos de recadar aos vigueses e preocuparse máis de facer unha execución como Deus manda. Porque mire Sr. Aneiros, voulle dicir que vai pasar este ano, esta ano vai pasar o mesmo que o ano pasado, que van ser vostedes absolutamente incapaces de executar o Orzamento de investimentos, estamos ao 5% no primeiro trimestre, por certo, a Xerencia de Urbanismo en fin, está saíndo con premio especial porque claro por non facer non é capaz no mes de abril nin ter licitado o contrato para a asistencia técnica para a redacción dun novo Plan Xeral pois pódense imaxinar, así nos vai nesta cidade, levamos máis de ano e medio sen Plan Xeral e nin sequera foron capaces de licitar a asistencia técnica para elaborar un novo Plan Xeral e así con todo por que? Porque son vostede un goberno sen ideas, sen ilusión, sen proxecto, cada día vese máis que non só non fan investimentos e non fan o que teñen que facer senón que está impedindo que outras administracións aposten por Vigo, invistan en Vigo e fagan en Vigo o que vostedes exactamente non fan. Porque vostedes se caracterizan por atrasar

investimentos para a Universidade de Vigo, por evitar que os vigueses se beneficien dos descontos do Transporte Metropolitano e un longo etcétera de despropósitos porque a maioría absoluta Sr. Alcalde lle está a quedar a vostede moi grande e os vigueses estanse dando conta día si e día tamén, desgraciadamente, hai que pensar nos vigueses á hora de facer política de xestionar o Concello e hai que traballar por e para os vigueses, e hai que empuxar dende Alcaldía porque os proxectos bos para Vigo e bos para os vigueses se fagan, non se atrasen.

SR. ANEIROS PEREIRA: O primeiro, gustaríame que tantas modificacións das que fan referencia non fan referencia ás modificación que se fan no Orzamento para incrementar a política social, para facer o que a Xunta de Galicia non fai en Vigo, para incrementar a partida dos campamentos de verán dos rapaces/as da cidade, para incrementar a partida de bolsas de inglés no estranxeiro para os estudantes da nosa cidade e que na referencia que fan ás humanizacións falen de trucos, miren aquí non hai trucos, quizás quen non o saiba pode falar de trucos pero aquí o que hai é un saber facer e o que hai é un respecto aos prazos, aos procedementos e ás garantías legais cando por exemplo hai que pedir unha autorización a Patrimonio da Xunta de Galicia para facer unha humanización e Patrimonio da Xunta de Galicia atrasa a concesión da autorización, obviamente a obra non se pode facer e temos bastantes exemplos nesta cidade, por exemplo cando a Xunta de Galicia non autoriza ao aparcadoiro para o Álvaro Cunqueiro tamén temos un bo exemplo de que quen atrasa a execución do Orzamento de investimentos, pero mire, o outro día falando cun compañeiro do meu goberno dicíame que somos o concello de Galicia que máis obra licita, que investimentos quita neste ano pasado 2016 e 2017, polo tanto, algo bo estaremos facendo cando somos o primeiro concello de Galicia que máis obras licita e que máis obras concede.

En termos de orzamento llo amoso na tablet, o que hai que facer é ver o perfil do contratante, claro que estamos no primeiro, en prazo de presentación de ofertas en moitos dos contratos que se licitan por parte deste Concello, claro que si podemos seguir pasando e pasando e o dedo xa se me cansa na tablet, no perfil do contratante están as ofertas, están os procedementos en marcha que temos en Mesa de Contratación, polo tanto, o orzamento estase a executar, estamos obviamente no primeiro trimestre do ano pero estamos executando correctamente

o orzamento. Así que mire Sra. Muñoz, eu vou repetir o consello que lle fixen ao principio, múdese a rúa Pracer, á Progreso porque non sei que lle senta mal nesta cidade con esa visión negativa, pesimista da cidade cando somos a mellor cidade de Galicia, a cidade por certo con menor presión fiscal de Galicia e o reitero, amosareillo con máis detalle, pero quero facer referencia a outra cuestión, vostede fala do que deixamos de executar, que non deixamos de executar, como acabo de dicir nas modificacións orzamentarias, pero non fala dos 200 millóns de euros do capítulo de investimentos que a Xunta de Galicia deixou sen investir no ano 2016, deses 200 millóns non fala, verdade que non? E algún deses 200 millóns da Xunta de Galicia ben podería ser para esta cidade, non a vexo tan reivindicativa coa Xunta de Galicia.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

6(64).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A ACOMETER AS OBRAS DE REFORMA QUE PERMITAN UNHA EDUCACIÓN ÓPTIMA, CONECTAR A REDE DE SANEAMENTO E REALIZAR MEDIDAS DE MELLORA NA SEGURIDADE VIARIA E ACCESIBILIDADE AO CENTRO IES CARLOS CASARES. REXISTRO PLENO 1549/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2017, número 1549/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra.

Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Os centros educativos son os lugares onde os nosos fillos e fillas pasan moito tempo da súa infancia e adolescencia. Por iso, é preciso que sexan lugares seguros e axeitados.

A adecuación e reforma das infraestruturas, moitas delas de máis de trinta anos, é un factor fundamental para a mellora das condicións de escolarización do alumnado.

Pero na nosa cidade hai centros onde iso non sucede. Un deses centros é o IES Carlos Casares.

A comunidade educativa, e ultimamente o propio alumnado coa elaboración dun vídeo, denuncian a situación que viven diariamente no Instituto, o deterioro das instalacións, a falta de saneamento e o risco diario que supón acceder ao centro. A falta de beirarrúas, de pasos de peóns ou camiños en mal estado son soamente algunhas das deficiencias que sofren.

Estamos a falar de seguridade e de saúde. A regulación do entorno vial é vital para a prevención de accidentes e a protección dos usuarios máis vulnerables.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a:

- acometer as obras de reforma das instalacións que permitan desenvolver a educación en óptimas condicións de calidade.
- conectar a rede de saneamento do centro.
- realizar medidas de mellora na seguridade viaria e accesibilidade ao centro.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: A educación é un dos piares fundamentais da nosa sociedade, por iso é importante ter instalacións educativas de calidade, onde poder desenvolver o labor educativo, os centros educativos como bens de dominio público, constitúen un patrimonio de todos, pero a realidade é que son moitos os colexios e institutos da nosa cidade que precisan mellorar as súas instalacións, sa sexa a nivel de infraestruturas, de modernización ou de accesibilidade. E todo isto

sucede porque hai gobernos que non cren na educación pública, cando en abril de 2012 o goberno do Sr. Rajoy aprobou un recorte de 10.000 millóns de euros, eses recortes extras non contemplados nos orzamentos foron en educación e en sanidade, cunha ausencia de debate, de diálogo previo no que se chamou o maior recorte en servizos sociais da democracia e dende aquela todos foron recortes e máis recortes.

Os equipos directivos dos centros escolares pasan o día resolvendo problemas, atendendo queixas, minimizando deficiencias e posibilitando manter a normalidade no complexo equilibrio no cal vive hoxe calquera institución, pensar que os equipos directivos non coñecen cal é o seu papel ou non o executan eficazmente, é literalmente insultante cando na súa maioría resolven máis problemas por metro cadrado que moitas outras profesións do mesmo rango salarial, e é unha tarefa difícil sobre todo pensando que os gastos de funcionamento que reciben os IES aínda que subiron este ano un 2,34%, lembremos que no ano 2013 foron axustados en máis dun 20% en moitos centros galegos, poñendo en perigo o seu funcionamento diario e a calidade do ensino, por iso, que un centro como o IES Carlos Casares para poder executar as obras motivadas polo informe desfavorable da ITE precise tempo para aportar solucións e ter dispoñibilidade orzamentaria, é normal, o que non é normal é ter unha administración responsable, a Consellería de Educación, que non invista na eliminación e reparación das múltiples deficiencias das instalacións e edificios dos centros de ensino da nosa cidade, o que redundaría directamente no benestar e sobre todo na seguridade da poboación estudantil e polo tanto tamén no benestar da sociedade actual e futura.

A conexión coa rede de saneamento do IES Carlos Casares é imprescindible, non só por ser un servizo básico senón tamén pola mellora medio ambiental que suporía a eliminación da fosa aséptica, os centros educativos deben manterse nas condicións máis óptimas de salubridade, tendo en conta que se trata de espazos usados e ocupados por menores. Por iso, a solución non é dicir como di a Xunta de Galicia “que o faga o Concello”, agora, despois de 25 anos, o Concello pon a disposición os terreos pero a construción é responsabilidade da Xunta de Galicia pero aínda así o Concello está a traballar para atopar unha solución técnica e viable.

A comunidade educativa do IES Carlos Casares e ultimamente o propio alumnado coa elaboración dun vídeo, denuncian a situación que viven diariamente no

instituto, o risco diario que supón acceder ao centro situado na Avenida da Ponte, nunha zona cunha curva perigosa, a falla de beirarrúas, de pasos de peóns, de semáforos ou camiños en mal estado, son só algunhas das deficiencias que sofren, todo elo unido a un tráfico intenso con circulación de camións cara un polígono próximo e moitas veces sen respectar o límite velocidade de 40 quilómetros por hora, porque aínda que moito alumnado chega ao centro en transporte escolar, hai outros que chegan ou saen andando, sobre todo o alumnado de bacharelato que non ten dereito a transporte escolar.

A regulación da contorna viaria é vital para a prevención de accidentes e a protección dos usuarios máis vulnerables e a Xunta de Galicia neste problema di que se ofrece para colaborar co Concello e co Ministerio, colaborar, lémbrolle que dita estrada é competencia da Xunta de Galicia polo que son eles os que teñen que promover esta iniciativa, pero tamén dende o Concello preguntouse a Estradas sobre a posibilidade da regulación semafórica e establecemento dun paso peonil na rúa da Ponte, titularidade da Xunta de Galicia, aínda sen resposta, a diferenza é que o Concello quere buscar solucións. A diferenza é que o Concello quere buscar solucións aos problemas e os demais trasladánnos, por iso hoxe traémolo aquí, é preciso que a Consellería de Educación, a Xunta de Galicia, asuman a súa responsabilidade e déanlle respostas á comunidade educativa.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Con respecto a esta moción imos votar a favor como non podía ser doutra maneira pois estamos de acordo en todo o que acaba de dicir a señora concelleira. Pero sen lembrarlle que xa o curso pasado polo mes de xuño o Sr. Alcalde aseguroulle á AMPA do colexio que se ía instalar un semáforo na contorno deste centro educativo, que o proxecto estaba en marcha e que a súa colocación sería inmediata, pois era preciso que aumentase a seguridade xa que o acceso ao centro supoñía un perigo constante para o alumnado, pasou case un ano e o semáforo non chegou, ven se ve que as promesas do Sr. Caballero as fai de forma gratuíta e o inmediato non significa que vaia ser xa, como se desexaría, e sabendo que a competencia non é do Concello non debería comprometerse en algo no que este non decide ou non pode cumprir, simplemente para quedar ben. Agora iso si, con respecto á formulación do rogo que a Marea de Vigo lle trasladamos a principios do curso pasado sobre este particular, o Sr. Caballero respondía “non

necesitamos do seu rogo a estes efectos porque nós mesmos fomos alí e vostedes decatáronse diso pola televisión, decatáronse porque nós fomos alí e lle demos publicidade porque ímolo resolver”, o visto é que aínda non se resolveu e que xa que temos a ocasión neste Pleno de contrarréplica dirémoslle que non o soubemos pola televisión, pouco tempo temos as concelleiras da Marea de Vigo para pararnos a ver a Televisión e por certo tampouco perdemos grande cousa, soubémolos señoras/es do Partido Socialista porque nós tamén falamos coa xente e sabemos das moitas carencias que ten esta cidade aínda que non saíamos tanto na televisión como o Sr. Caballero.

Aínda así como xa dixen, estamos de acordo coas propostas que vostedes presentan e como conscientes que tanto as instalacións como por exemplo, o patio cuberto que a AMPA leva solicitando dende hai xa moi tempo ou a seguridade das vías de acceso son competencia autonómica, aínda que bo, xa no ano 2014 a Asociación Veciñal de Cabral dirixíase á Delegación da Xunta de Galicia así como o Concello para reclamar a reparación da Avenida da Ponte que discorre pola contorna do colexio en cuestión, xa que o seu estado convertíase nun lugar moi perigoso, o curioso foi que ningunha das dúas administracións pareceu darse por aludida, segundo sinalou a veciñanza remitíronlle primeiro a o Sr. David Regades, concelleiro de Vías e Obras, unha solicitude de que reparase a capa asfáltica polo evidente perigo de varios tramos e que se cortase a broza que invadía as beirarrúas, o Concelleiro, ao parecer, indicou que se trataba dunha vía de titularidade autonómica, pola súa parte a Delegada da Xunta de Galicia, a Sra. María José Bravo, que recibiu o mesmo escrito limitouse a remitir a petición á Consellería de Medio Ambiente, que a súa vez indicou a través do Xefe de Servizo Provincial, que polo acordo de colaboración suscrito o 30 de xuño de 2000 a titularidade da Avenida da Ponte en consecuencia a súa explotación, conservación e mantemento correspóndelle ao Concello de Vigo, así que se aínda non se puxeron de acordo, por favor, fágano e carguen cada quen coa súa responsabilidade e asuman os seus cometidos que tanto como a comunidade educativa como a veciñanza o que precisan é que vostedes cumpran coas súas obrigas, gobernen na administración que gobernen.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Todos queremos buscar solucións Sra. Alonso, e

atopadas, a verdade é que algúns aquí teñen unhas responsabilidades e outros outras e veremos quen cumpre e quen non cumpre e como se traballa este tema porque a verdade que si xa ven de longo, a ver se en 5 minutos podemos explicar tamén a incoherencia das peticións que vostede fai nesta moción, porque a pesares de que gaña sempre tódalas votacións, poderían esforzarse un pouco máis en facelas porque propoñen tres puntos de xeito moi oportuno, por suposto, pero sen sentido porque veremos agora xa que vou debullar un a un. Vaia por diante que a Xefatura Territorial coñece perfectamente tódalas situacións do IES Carlos Casares, do instituto, da estrada, onde se atopa e como foi a cesión por parte do Ministerio, por iso, como Educación atende puntualmente aos centros cando se lle demanda, dende o ano 2010 e vou xa polo primeiro punto, a Consellería de Educación realizou xa actuacións nas instalacións do IES Carlos Casares por valor de 171.000 euros, como son a calefacción, como é a instalación eléctrica, como é a mellora na fontanería, o alumeadado e o máis importante que nos vai servir tamén para o segundo punto desta moción que é a reforma da instalación do saneamento cun investimento de 40.000 euros. Polo tanto, solicitan algo que xa se fixo, que se vai facer e que se vai seguir facendo porque co contacto co director do centro xa non hai nada que reprocharlle á Xunta de Galicia en canto a obras de mellora porque sempre que llo reclaman e cando pode e hai presuposto, está aí, está a mellorar tódalas reclamacións que teñen en marcha.

Antes de ir ao punto dous gustaría irme ao tres, porque vostedes instan á Consellería de Educación a realizar medidas de mellora na seguridade viaria pero é que dita consellería non ten competencias na seguridade viaria, polo tanto, instar á Consellería de Educación a facer reformas na seguridade viaria sería inútil porque non podería facelas, polo tanto, haberá que dirixirse a Consellería de Infraestruturas que de seguro estará encantada de cooperar porque xa nos falamos con eles, hai que ser rigorosa coas moción, aquí instase á Consellería de Educación e non pode facer obras na seguridade viaria porque ademais déixense de mentiras e de falar e de facer como dicía a Concelleira de Marea que din que o Alcalde ten a desfachatez de dicir que el gratuitamente fará as obras de seguridade pero que a Xunta de Galicia non lle deixa, onde está esa negativa da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia e a Consellería de Infraestruturas encantadas de asinar un convenio e de mellorar todo o que sexa a seguridade viaria e sobre todo cando está nun centro

escolar, nun instituto, polo tanto, o Alcalde moito falar pero feitos cero porque aquí están obras presupostadas, obras feitas e compromisos.

Imos ao punto dous, o punto dous que é o máis importante que solicitan á Consellería conectar a rede de saneamento do centro, miren, todo isto ten moita historia e gracias por presentar esta moción porque sabemos cales foron os pasos que seguiron adiante o Concello e a Consellería e temos unha conclusión, que teñen que instarse a vostedes mesmos porque a competencia aquí no saneamento e no tema do saneamento municipal xa o di a propia expresión e a palabra é municipal, así que Sra. Concelleira se quere podo pasarlle toda a documentación que puiden atopar respecto a este tema porque temos que remontarnos ao ano 1979 cando o Sr. Manuel Soto era Alcalde, porque a escritura de cesión de terreos por parte do Ministerio é daquela época e di textualmente, “siendo de cuenta del ayuntamiento los gastos que se originen para proceder alumbramiento o captación de las aguas allí existentes para su conducción desde los depósitos ubicados en aquella zona, así como los de construcción de una estación depuradora para el tratamiento de aguas residuales para que reúna todos los requisitos señalados en el artículo 78 de Ley sobre Régimen de Suelo y Ordenación Urbana”, a pesar da modificación no 2001 desta lei de Réxime de Solo segue manifestando que a competencia nesta rede de saneamento é municipal, polo tanto, saben que teñen pasados varios Alcaldes/as estaríamos todos de acordo que unha depuradora pois non é nin necesaria agora neste momento nin sería obra necesaria para iso pero si é verdade que isto é un problema que teñen que solucionar aquí no Concello porque as obras do centro xa están feitas, díxeno antes a Xunta investiu 40.000 euros no saneamento, obra presupostada, licitada e rematada.

Por outra banda, tódalas negociacións con Aqualia e os pagos no enganche da auga, un total de 20.000 euros están feitos pola Xunta de Galicia, pola Consellería de Educación, entón non empecen aquí sempre a votar balóns fora porque si é verdade que a competencia é compartida pero tamén o Concello de Vigo ten a súa responsabilidade, ademais un escrito do propio Concello de Vigo di “dicho inmueble carece del servicio de saneamiento al encontrarse la red municipal a más de 100 metros del inmueble e de acuerdo con el vigente reglamento no está obligado a la conexión”, así que, tómeno en serio xa que estamos a falar do IES Carlos Casares gustaríame facer e rematar cunha frase súa porque este tamén é o ano de Carlos

Casares, el dixo unha vez “as cousas da mente, comezando pola lectura, hai que cultivalas para que non se ferruxe”, eu voulle dicir ao señores concelleiros que cultiven a política de altura e non se ferruxen.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Permítame que comece falándolle á Sra. Muñoz, di vostede dixo hai un momento nunha moción anterior que nós somos un goberno sen ideas, sen proxectos, non é verdade pero si que teño que recoñecer que o goberno do Partido Popular si que ten un proxecto, acabar coa educación pública, tamén dicía vostede que somos un goberno lento, mentira, pero o goberno do Partido Popular si que vai a velocidade, eu penso que excedendo os límites de velocidade por evadirse da súa responsabilidades educativas, esa é a velocidade que ten.

O Concello fixo o que tiña que facer, é dicir, que tramitar, enviar a carta e todo iso, pero non ten dúbidas de quen é a titularidade da rúa porque a asphaltou a Xunta de Galicia se a asphaltou a Xunta de Galicia é porque é dela, entón xa está.

Hai outra cousa que estamos falando que isto de non ter rigor nin nada cando estamos a falar de alumnado paréceme moi serio, estamos a falar dun instituto que a verdade que nos teñen moi enganados porque si é verdade de todo isto que teñen no investimento o equipo directivo e alumnado que son os que protestan non se decataron de que teñen un instituto fabuloso, non teñen ningún problema pero eles son os que puxeron de manifesto os problemas que teñen, entón, si que é verdade que é raro, estamos falando de algo moi grave, estamos a falar do que vostede dicía dun centro educativo con menores onde existe unha fosa aséptica, que cando se pasou a revisión o que dicían é que non se podía no ditame presentado, de que hai dúbidas razoables de onde verte a instalación do ximnasio ao final do tramo de evacuación do ramal, é dicir, a fosa aséptica se inunda e entra nas instalacións educativas, que estamos a falar de algo moi grave no momento no que estamos.

Despois, tamén hai algo que lle quería dicir, vostede di que a Xefatura Territorial que coñece toda a situación, probablemente a coñeza pero voulle dicir outra cousa, cando algún centro, non este centro en concreto, outro centro da nosa cidade porque son moitos os que demandan peticións, cando algún centro reclama por exemplo, a solicitude do cambio da cuberta, a Xefatura Territorial cun escrito dirixido a esta Concelleira, o que di nese escrito e que di que “non se indica nin o

ano de construción do centro, nin da antigüidade da cuberta, nin a referencia á normativa pola cal que se sentencia que estea cumprida a vida útil”, o xefe territorial poderase ter decatado de moitas cousas, pero a verdade que non saber nin cal é o ano de construción dun centro, nin cando se fixo a cuberta, nin a vida útil dese tipo de cousa e poñelo por escrito, isto é grave, ou sexa que pode ter coñecemento dos temas pero dende logo non o demostra e o fixo por escrito, a min paréceme moi grave.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.04.2017 (Rex. Nº 1549/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(65).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MANIFESTANDO O SEU REXEITAMENTO ÁS INSUFICIENTES PREVISIÓNS CONTIDAS PARA A NOSA CIDADE NO PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL DO ESTADO PARA O ANO 2017, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE PROMOVA AS ACCIÓNS PARA UN AUMENTO EN DIVERSAS DOTACIÓNS ORZAMENTARIAS. REXISTRO PLENO 1550/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2017, número 1550/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 aprobado polo goberno central, resulta claramente insuficiente nas dotacións previstas para Vigo xa que apenas recolle partidas específicas para a cidade.

No documento orzamentario non aparecen reflectidas partidas para diversas infraestruturas e necesidades, tales como a nova conexión por autovía a Porriño, a futura conexión por autovía libre de peaxe entre Vigo e Pontevedra, a conversión en vial urbano da entrada/saída da AP-9, a nula dotación no 2017 para o Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, a recuperación da fronte litoral da praia de Samil e do borde litoral de Alcabre, o aporte para o financiamento do museo MARCO, etc...

Tamén hai que ter en conta que no Proxecto de Orzamentos figuran determinadas partidas que non se atopan especificadas e que ben poderían utilizarse para dar satisfacción a las necesidades de la ciudad más poblada de Galicia y a una de las áreas más pobladas de Galicia.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

“O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu rexeitamento ás insuficientes previsións contidas para nosa cidade no proxecto de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 e insta ao goberno de España a que promova as actuacións necesarias para acadar un aumento significativo en diversas dotacións orzamentarias para a realización e mellora das infraestruturas e equipamentos na nosa cidade”.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Cando recentemente se fixo público o proxecto do Orzamento Xeral do Estado para este ano 2017, no pacto do Partido Popular co partido denominado Ciudadanos, a verdade é que os galegos sentimos un xarro de auga fría e máis os habitantes de Vigo, tamén os habitantes da provincia de Pontevedra. O investimento en Galicia redúcese un 32% neste proxecto de

Orzamento Xeral do Estado, a administración xeral do Estado investirá un 15% menos na Comunidade Autónoma de Galicia, tan só nos cinco anos do goberno do Partido Popular en Madrid respecto dos tres anos de goberno do Partido Socialista no Estado vemos nesta gráfica o descenso de investimento na nosa comunidade autónoma, reflexo que tamén se fai na nosa provincia, un 39% menos de investimento. O investimento “per cápita” na provincia de Pontevedra, é dicir, se facemos a comparativa de canto supoñen os investimentos por habitante na provincia de Pontevedra sitúanse en 159 euros, mentres que na media nacional está en 184 euros, polo tanto, por debaixo da media nacional e tamén por debaixo da media do investimento no resto das comunidades autónomas, na nosa provincia, na provincia de Pontevedra o investimento do Ministerio de Fomento redúcese nun 27%, o investimento do Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente se reduce nun 44% e o resto dos entes públicos Adif, Aena, etc. redúcese nun 85%, non entendemos que ten o goberno do Estado con este provincia para que unha provincia netamente produtiva que máis aporta ao produto interior bruto que máis exporta no conxunto da comunidade autónoma que crece e crece continuamente no ámbito do turismo, polo tanto, na xeración de riqueza para a nosa comunidade autónoma e tamén para o conxunto do Estado e que por certo, tamén achegamos o noso superávit ao conxunto das contas do Estado. Non entendemos porque esta caída no investimento na nosa comunidade autónoma e por suposto na nosa provincia e na nosa cidade. Se temos en conta os investimentos na nosa cidade podemos dicir que o Orzamento Xeral do Estado fan unha circunvalación á cidade de Vigo, pero non a fan, non vaian pensar que nos van facer unha circunvalación, o que fan é obviar á cidade de Vigo, máis alá de compromisos adquiridos vía convenio xa establecidos polo tanto, ou compromisos de anos anteriores como é o caso da depuradora asinado pola Ministra a Sra. Elena Espinosa, no goberno do Partido Socialista, vemos que na nosa cidade non temos partida específica no Orzamento Xeral do Estado, na cidade máis poboada de Galicia, no motor económico de Galicia non temos investimento por parte do Estado; carecemos de presenza do Estado na nosa cidade, non temos unha partida para o tramo urbano da autopista dende Buenos Aires ao centro da cidade, non o temos, outras cidades si teñen unha partida de ata 7 millóns de euros para a entrada a súa cidade, outras cidade de Galicia refírome, non temos unha partida

específica para o Aeroporto de Vigo, outras cidades de Galicia si teñen unha partidas específica para o Aeroporto da súa cidade, non temos tampouco partidas específicas para o Porto de Vigo, outras cidades de Galicia si teñen partida para mellorar o acceso aos portos exteriores das súas cidades, tampouco temos unha partida específica para a autovía Vigo-Porriño e fronteira portuguesa, unha partida que non está no Orzamento Xeral do Estado. Polo tanto, non temos presenza do Estado Central na nosa cidade e a partida que se fixa para o AVE Vigo-Cerdedo é unha partida insignificante para as necesidades desta execución, hai que dicir que o Consello Social da Cidade demandou o investimento no AVE a Vigo como un proxecto prioritario, que o Alcalde da cidade esixiu ao Ministerio que aprobase o Proxecto de Impacto Medio Ambiental que non se aprobou e que tampouco se contemplan outras partidas nin o Museo Marco, nin a mellora no entorno litoral das praias de Samil e Alcabre nin tampouco para o Instituto de Investigacións Mariñas, polo tanto trátase dun Orzamento Xeral do Estado nese pacto Partido Popular, Partido de Ciudadanos que eluden os compromisos da principal cidade de Galicia, da cidade máis poboada e do motor económico de Galicia. Rexeitamos polo tanto eses Presupostos Xerais do Estado.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Que as dotacións previstas nos Orzamentos do Estado para Vigo son insuficientes é evidente, sería moi difícil que as necesidades da nosa cidade foran cubertas nun só Orzamento que deixan a Galicia cunha redución nas cantidades orzamentadas do 32,2% co respecto ao ano 2016 como xa comentou o Concelleiro de Facenda, a cifra máis baixa dos últimos 13 exercicios dende o ano 2004, nunca Galicia estivera por debaixo dos mil millóns. Aínda máis, hai moito que criticar neste reparto de Orzamentos adicándolle de 924 millóns de euros totais aproximadamente, 481 ao AVE, hai unha auténtica obsesión polos corredores de alta velocidade mentres non se completou o mapa de cercanías, non se moderniza o tren convencional e non hai investimentos reais nas liñas interiores. O tren non pode reducirse ao AVE, que ademais de infraestruturas custosas está pensado só para grandes distancias. Mentres tanto Galicia carece dun auténtico servizo de cercanías en non se percibe vontade algunha de levalo a diante, o Plan de Electrificación Vigo-Tuy por exemplo, 1,5 millón de euros, non sabemos que se pode facer con esta cantidades nunha liña que si sería usada dende logo con máis

frecuencia para o cidadá medio, porque suporemos que neste punto estaremos todas de acordo que un bo servizo interior o número de viaxe das persoas da nosa cidade sería máis frecuente no Eixo Atlántico dentro da nosa comunidade que en viaxe de longo percorrido.

A media de recorte no Estado é do 22,2%, no caso de Galicia o goberno aplica a terceira maior rebaixa, o noso país está no podio do estado e por desgracia é un podio de recortes. E está por ver o grado de execución se tocou un terceiro premio en recortes aínda estamos a tempo de subir no ranking, claro que cando o Presidente da Xunta de Galicia xa advirte na súa toma de posesión que só é o representante común do Estado en Galicia tampouco podemos esperar que a Xunta de Galicia que debería defender os intereses dos/das galegos, bótese as mans á cabeza ante semellante inxustiza, que non fai máis que afondar na débeda histórica que ten o Estado coa nosa terra e que impide a mellora nas condicións da vida das persoas.

Tamén anunciaba o Sr. Feijóo que a Xunta de Galicia crearía un comité de seguimento para vixiar o grado de execución real dos orzamentos no noso país, algo que podería ser unha boa nova sempre e cando este comité tivese representación dos partidos presentes no Parlamento, mais cando escoitamos que este comité estará conformado por el mesmo o Vicepresidente o Sr. Alfonso Rueda e os titulares de Facenda, Medio Ambiente e Ordenación Territorial, e Infraestruturas e Vivendas o Sr. Valeriano Martínez, a Sra. Beatriz Mato e o Sr. Cer Vázquez respectivamente, pois a verdade por un lado temos serias dúbidas da súa imparcialidade e tamén, todo hai que dicilo, estamos desexando que expoñan as súas conclusións cando remate o ano, non imos esquecer este anuncio e a ver se a cousa remata como traxedia ou como comedia.

A Marea de Vigo a través da Deputada a Sra. Alexandra Fernández presentou tamén a estes Orzamentos unha serie de emendas respecto a Fundación Museo Marco, Lar de Vigo ou Biblioteca Pública do Estado. Posicionámonos pois contra estes orzamentos e imos apoiar esta moción e o acordo proposto, é evidente que estes orzamentos consagran a austeridade, son lesivos para as clases populares e non reflicten as auténticas necesidades desta cidade e deste país, unha desgraza que non existise a correlación de forzas de esquerda necesaria para que isto non sucedese.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que a moción xa me parecía baleira de contido, non se sabe moi ben que pretendían máis que criticar por criticar pero despois de escoitalo Sr. Aneiros, teño que mostrar a miña sorpresa, que orzamentos viu vostede? Eu creo que meteu Orzamentos do Estado para Vigo en Google e lles saíron os do Sr. Zapatero e non se decatou que estamos no ano 2017 porque nada do que dixo se corresponde coa realidade, eu en calquera caso agradezo que se presente esta moción porque así dáme a oportunidade de explicar e de que se vexan as diferencias entre unha administración que realmente está apostando polo futuro de Vigo e dos vigueses e unha administración que só está mirando cara abaixo, cara o chan.

Vou a aproveitar esta intervención para deixar moi claro o que é unha administración que realmente aposta por Vigo, por fin porque cando estaban os seus amigos socialistas o único que tiñamos eran promesas incumpridas, pero nada de nada de nada, e agora temos realidades que están vendo os vigueses construírse día tras día, e unha administración que aposta por exemplo polas comunicacións nesta cidade, voulle dar os datos concretos para que os apunte porque está visto que mirou outros orzamentos pero non os deste ano 2017, autovía Vigo-Porriño 4 millóns de euros, mellora de comunicacións; autovía 57,18 millóns de euros, investimentos de Adif 31 millóns de euros, a plataforma loxística esa que vostedes presupostaban ano tras ano pero no facían nada, 9 millóns en execución, a ampliación de Rande que estamos a ver tódolos días é un investimento de 30 millóns de euros, a Autoestrada do Mar que tamén ven nos orzamentos, 4,4 millóns de euros, se lembra que con vostedes nin Autoestrada do Mar nin nada, o único que fixo o Sr. Blanco foi darlle o Porto Nodal á cidade da A Coruña, iso é o que vostedes fixeron cando gobernaban, nós Autoestrada do Mar, por certo, Porto de Vigo 17 millóns de euros, tamén apúnteo porque están ben claros no Orzamento. Tamén non só investimentos en comunicacións, na mellora das nosas comunicacións, mellora en investimentos na Depuradora, 17 millóns de euros; a construción da Tesourería da Seguridade Social, 7 millóns de euros; 2 millóns de euros para a Avenida de Madrid, Sr. Aneiros esas son as cifras reais que aparecen nos orzamentos do Estado, en definitiva un total de 140 millóns de euros de forma directa investidos en Vigo e a través das concesións de concesionarias un

total 343 millóns de euros. Esa é a realidade da aposta do Goberno de España por esta cidade, por certo tamén vaise facer unha estación, a estación de Tom Mayne que levábamnos esperando moito tempo por ela e que tamén vai ser cun goberno do Partido Popular cando vexamos que realmente se constrúe.

Polo tanto, neste goberno hai unha aposta clara pola cidade de Vigo e polos investimentos que moitos prometeron e que dende logo nunca cumpriron e sorprende que dende o goberno de Vigo que debería de recoñecer e apoiar eses investimentos, o que faga sexa poñer trabas, porque neste orzamento tamén están os investimentos da Zona Franca, e mire, hoxe resulta que temos un Pleno da Zona Franca por fin, para dar vía libre a un proxecto para a Universidade de Vigo polo que levamos esperando ao Sr. Alcalde un ano e que finalmente tivemos que esperar un ano para que se faga unha foto co Reitor, para que intente poñerse a medalla e por fin desbloquear un proxecto tan importante para a nosa cidade.

Polo tanto, en vez de criticar ás administracións que realmente apostan por esta cidade o que deberían estar vostedes facendo é primeiro, investir o seu propio Orzamento que por certo non me resisto a comparar 343 millóns do goberno de España, 167 millóns da Xunta de Galicia e 13 millóns de Orzamento inicial para investimentos do Concello de Vigo, mire vostede que proporción 13 millóns de euros de presuposto inicial, logo xa incorporará os remanentes, pero xa sabemos que pasa con iso, que falamos no anterior punto, esa é a proporción e vexan vostedes que hai unha administración, dúas administracións que están a apostar polo futuro de Vigo, que están a construír o Vigo do século XXI e hai outra administración que quere que sigamos no paleolítico.

Polo tanto, se non son capaces de recoñecer que se están facendo os investimentos que nunca se fixeron, se non son capaces de apoiálas polo menos lles pido que non estorben e que deixen que as administracións que apostan por esta cidade o fagan, mentres vostedes poden seguir cambiando lousas.

SR. ANEIROS PEREIRA: Efectivamente, como sinalaba o voceiro de Marea de Vigo nesta moción, Galicia ten unha débeda histórica do Estado Central con esta comunidade autónoma e pese ao que di a Sra. Muñoz os orzamentos, sabemos que vostede sabe sumar e suma investimentos onde non as hai e suma investimentos que veñen de anos anteriores, algúns do goberno Socialista como a Depuradora,

que insisto non é un mérito seu senón que é un mérito noso, do goberno Socialista do entón presidente o Sr. Zapatero e a Ministra a Sra. Elena Espinosa, polo tanto, continúa a execución dese compromiso coa cidade, dicimos que o goberno do Estado ten unha débeda histórica con Galicia que o Presidente da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo non é capaz de reverter, o cal sinala tamén o seu propio escaso peso político, insisto os datos non enganan, os datos da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos que foi onde consultei o proxecto do Orzamento Xeral do Estado, que como vostede sabe é onde se colga ese proxectos de orzamentos, revelan que o investimento do Partido Popular en Galicia redúcese en máis dun 30%, os datos son tozudos Sra. Muñoz, por máis que vostede non queira recoñecelos, redúcense especialmente na provincia de Pontevedra en comparación co resto das provincias de Galicia e máis sinaladamente na cidade de Vigo en comparación co resto das cidades de Galicia, mentres que a Cidade da Cultura ten 2,5 millóns de euros de orzamento para a conexión coa autoestrada, Vigo ten cero; mentres Pontevedra ten 15 millóns para unha circunvalación, Vigo ten cero; mentres Pontevedra ten 8 millóns de euros para a construción da sede xudicial, Vigo ten cero. Por certo, aquí tivemos que expropiar os terreos que inicialmente ían ser para a Cidade da Xustiza en Vigo, o Concello de Vigo tivo que adicar os seus recursos a expropiar terreos que inicialmente ían ser para a Cidade da Xustiza, sabemos que noutras cidades de Galicia tanto o goberno do Estado como a Xunta de Galicia fan eles ese investimento, por algo será. Vemos que tanto o goberno do Estado, do Sr. Rajoy, como o goberno da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, queren esgotar os recursos das nosa cidade, porque non apostan pola nosa cidade, queremos que o goberno do Estado aposte por esta cidade, somos a cidade máis poboada de Galicia, como o motor económico non só do Sur de Galicia senón tamén de toda Galicia, somos o Porto máis importante de toda Galicia, somos a cidade que precisa unha conexión por AVE directo a Madrid, reducir tempos que mellora a capacidade de negocio da nosa cidade, que mellore o turismo e que mellora o benestar da nosa cidade.

O Orzamento Xeral do Estado non apostan por esta cidade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr.

Alcalde).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.04.2017 (Rex. Nº 1550/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(66).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO DO GOBERNO DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA QUE ADOPTEN MEDIDAS PARA IMPEDIR O USO DE INCENTIVOS PROHIBIDOS POLO DEREITO DA UE INCOMPATIBLES COAS REGRAS DE LIBRE COMPETENCIA E CONTRARIOS Á COOPERACIÓN QUE DEBE IMPERAR NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL. REXISTRO PLENO 1551/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2017, número 1551/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos últimos tempos obsérvase como o país veciño capta empresas localizadas en

Vigo utilizando incentivos fiscais e a posta a disposición de chan industrial de forma gratuíta ou a prezos simbólicos.

Esta actuación está prohibida polas normas do dereito europeo, concretamente o artigo 107 do tratado de funcionamento da unión europea prohibe que os estados concedan axudas, económicas ou de calquera outra modalidade, que falseen ou poidan falsear a competencia nos intercambios comerciais entre estados e que favorezan a determinadas empresas, producións ou zonas.

A disposición gratuíta de chan industrial ou o prezo simbólico do mesmo, a redución de tipos impositivos nos impostos que gravan ás empresas ou aos directivos dos mesmos poden ser exemplos claros de posibles axudas de estado incompatibles co dereito comunitario.

Esta cuestión preocupa ao goberno do concello de Vigo posto que supón un ataque ao sector produtivo da cidade e do área, á vez que tamén merma o desenvolvemento socioeconómico das familias que residen na nosa cidade. basta un dato para poñer de manifesto esta cuestión: en só dous anos, se deslocalizaron 30 industrias de automoción, metalmecánica e fabricación de elementos de transporte. estamos falando de sectores - metal, automoción, naval- que forman parte do "ADN" da nosa cidade.

Con todo, as administracións con competencia na materia - estatal e autonómica - permanecen impasibles ante este éxodo de empresas alén da fronteira. Esta inactividade é preocupante por canto non só non se defende a un país ou a unha das áreas económicas máis relevantes do noroeste peninsular, como é a de Vigo, senón que tampouco se establecen medidas que poidan facilitar a implantación de empresas ou a ampliación dos seus centros de produción nos nosos polígonos e zonas industriais.

Alén diso, tampouco se dedican esforzos para establecer e realizar unha colaboración leal entre ambos territorios que redunde en beneficio de ambos países e, sobre todo, das empresas e os cidadáns que viven a ambos os dous lados da fronteira.

Igualmente, tampouco se defendeu á cidade nin aos seus sectores produtivos cando se realizaron algunhas manifestacións altisonantes por responsables públicos do país veciño que descualifican ao noso aeroporto e, polo tanto, á nosa cidade.

este apoio á cidade e á súa contorna tamén o é aos traballadores posto que a rebaixa de salarios prexudica as posibilidades de desenvolvemento persoal e social das persoas que, sen que existan motivos para iso, vense involucradas nunha competencia de salarios mínimos

Por todo o exposto, proponse o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- solicitar ao goberno de España e á Xunta de Galicia que adopten medidas

legais para impedir o uso de incentivos prohibidos polo dereito da Unión Europea, incompatibles coas regras da libre competencia e contrarios á cooperación leal que debe imperar na eurorregión Galicia-norte de Portugal

Segundo.- que se establezan medidas para fortalecer a Vigo e á súa área de influencia como o principal polo económico do sur de Galicia.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para defender unha moción que amosa a preocupación deste goberno, do goberno da cidade de Vigo polo que estamos a observar no noso entorno, non estamos cegos a diferenza doutras administracións e vemos como nos últimos tempos o país veciño capta a empresas localizadas en Vigo usando incentivos fiscais concedidos polo goberno central do país veciño e polos gobernos locais e ofrecendo chan industrial a un prezo simbólico ou practicamente gratuíto, chan industrial ao prezo de 1 euro é un prezo demasiado baixo, non se corresponde coa realidade do mercado, polo tanto, o que se está a facer é unha competencia desleal en termos xurídicos.

Hai que lembrarllas, quero partir de aí, que estamos na Unión Europea e a Unión Europea ten normas de funcionamento, o artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, polo tanto que nos afecta a tódolos estados membros, prohibe que os estados concedan axudas de carácter público, directa ou indirectamente que traten de favorecer a determinadas empresas ou producións, áreas xeográficas que falseen a competencia. Estas axudas que se ofrecen por parte do Goberno, dos representantes de algunhas asociacións empresariais ou locais do país luso, son evidentemente unha mostra máis desa competencia que están facendo de xeito desleal á nosa cidade, ao noso tecido produtivo, é unha cuestión que como dicía no inicio preocupa e moito a este goberno de Vigo porque é un ataque ao noso sector produtivo, o sector produtivo da nosa cidade é o sector produtivo da área metropolitana, así como o desenvolvemento socio-económico das familias, das persoas que viven na nosa cidade. Basta un dato para poñer de manifesto esta relevancia, en tan só dous anos se deslocalizaron 30 empresas de automoción, da metal mecánica e da fabricación de elementos de transporte, estamos a falar de como poden comprender de sectores metal, automoción, naval que forman parte

do ADN da nosa cidade, do noso ADN cidadán e non só do noso ADN cidadán senón tamén do ADN galego posto que estes sectores producen un 22% do Produto Interior Bruto de Galicia.

Polo contra, fronte a esa preocupación que temos como goberno local, da cidade observamos que as administracións con competencias na materia, é dicir, a Administración Xeral do Estado, Ministerio ou Presidencia do Goberno, a presidencia da Xunta de Galicia non son conscientes ou non queren selo de esta realidade. Observamos con estupefacción como o Presidente da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo acode á cidade de Oporto a recibir unha medalla de ouro non sabemos moi ben por que? Pois non sabemos se polos servizos prestados ao Alcalde de Oporto que insultou gravemente a esta cidade e ao seu Aeroporto, e non lle demanda un cese na competencia desleal das empresas, non lle demanda respecto a esta cidade, aos cidadáns desta cidade, a súas infraestruturas, aos seu sector produtivo senón que recibe unha medalla de ouro por parte deste representante político que non fixo outra cousa máis que insultar aos cidadáns de Vigo, non sabemos se o Sr. Feijóo quere ser cómplice tamén dese insulto á cidade de Vigo.

Non observamos, polo tanto, nas administracións competentes e por iso imos a rexeitar a engádeda que propón o Partido Popular, ás administracións competentes son a Xunta de Galicia e o Ministro do Estado. Observamos nesas administracións competentes medidas que tenden a facilitar a implantación de empresas ou a ampliación das mesmas, tampouco non se ve un esforzo en solicitar, reclamar a colaboración leal, en denunciar os comportamentos prohibidos de acordo coa regras da Unión Europea e tampouco observamos nas administracións competentes unha defensa de Vigo, tampouco observamos unha defensa dos traballadores da nosa cidade e do noso sector produtivo cando vemos que no estado veciño os salarios están máis dun 30% por debaixo dos salarios dignos que deben de ser, polo tanto, non observamos defensa nos intereses desta cidade, das empresas da cidade, dos traballadores, da cidadanía, da nosa cidade e do noso entorno.

Reclamamos esa esixencia de cooperación leal, a denuncia dos comportamentos prohibidos, a denuncia da competencia desleal, polo tanto, mantemos esta moción nos termos iniciais.

SR. PÉREZ CORREA: Este é un debate interesante e controvertido que tivemos os grupos parlamentarios a través dunha petición da parte da Federación de Industria a que eu pertenzo e a CCOO que precisamente abriu este debate sobre as multas a Portugal e relacionadas con estas cuestións que se poñen na moción, tanto de axudas por parte do goberno como o prezo industrial. Nós estamos bastante consternados porque este Pleno no ano 2013, algún criterio existiría naquela altura, decidiu nombrar a persoa non grata ao Sr. Almunia por dicir exactamente o mesmo que están dicindo vostedes sobre o tribunal da competencia, sobre as axudas ao sector naval, vostedes tráeno aquí para dicir exactamente o mesmo polo tanto, ao mellor habería que declarar persoa non grata ás persoas que digan iso nalgún Pleno de Portugal porque estamos a falar do mesmo, estamos falando exactamente da mesma cuestión, nós que non cremos na Unión Europea no modelo de Mastrich, no modelo do Tratado de Lisboa que é precisamente o que consolida esta políticas nas que os países soberanamente non podemos tomar decisións para a creación de emprego nos nosos territorios, iso mesmo que secuestra o sector naval, que esnaquiza os nosos sectores produtivos o queremos meter na cuestión de Portugal. Nós estamos de acordo con algunhas cuestións que vostede dixo, o que ten que ver co dumping social que si existe en Portugal, con que exista un salario mínimo de 530 euros que cobra o 27% dos traballadores portugueses no norte de Portugal, que exista xa unha cultura de que determinados salarios no sector da automoción se consideren complementos do salario sobre todo a feminización da pobreza e nesta materia que son pequenas achegas que as mulleres achegan aos salarios masculinos que é algo absolutamente xeneralizado en determinadas industrias, e polo tanto a nós nos sorprende que se sexa o Partido Socialista o que propón meterlle un tiro na perna ao Tratado de Mastrich que nós estamos completamente de acordo en que sexa así, pero queremos introducir tamén algunhas cuestións, aquí hai unha páxina da Zona Franca de Vigo, aparte unha páxina lanzada no seu día que é un localizador de solo industrial para empresas galegas en Portugal, chámase solo empresarial, o proxecto o consolida a Zona Franca onde quen é o culpable de que existan centos de metros cadrados de solo industrial barato en Portugal, como nós os que durante anos, dende o ano 1989 que se abre o primeiro polígono industrial en Vilanova de Cerveira, son os empresarios galegos, os empresarios do Estado español os que teñen feito todo o posible por irse ao norte

de Portugal e consolidar esas cuestións, foi este Pleno o que permitiu que Citroën siga facendo o que lle da a gaña no seu ámbito porque o primeiro que fixo na modificación das naves, unha empresa chamada Maviva, foi abrir unha planta Mangualde porque para o proxecto industrial de Citroën o que fai falla é que haxa un centro de recepción loxístico que é precisamente a ampliación da PSA que vostedes nos dixeron a nós que querían queimar Citroën por defender que o Plan Industrial de Citroën que ía nese ámbito, era deslocalizar empresas no norte de Portugal, todas e cada unha das actuacións que se teñen feito por parte do Partido Socialista e do Partido Popular están tendentes a que pase isto. Polo tanto, a responsabilidade de Portugal cero, a responsabilidade de que vostedes, empresas como Maviva que o primeiro que fixeron cando se modificou a Nave H, é deslocalizar os postos de traballo en Portugal, porque o novo sistema de produción de Citroën necesita esa ampliación para que os provedores xa non estean aquí ao lado e estean ao norte de Portugal e incluso como di o propio Plan Industrial da PSA, no norte de África.

Polo tanto, Portugal o que está a facer cun goberno de esquerda absolutamente condicionado, afortunadamente pola esquerda de verdade que é o Partido Comunista e o Bloque de Esquerda é facer o que ten que facer un goberno, é rotundamente falso, a media de prezo do terreo industrial en Portugal está nos 20, 30 euros, recoñecidos polo Tribunal, pola Unión Europea e porque a maior parte destes polígonos son de iniciativa privada, non pública e a iniciativa pública o que fai é ordenar o territorio a través incluso de fondos europeos que é unha cousa curiosa, polo tanto, fallará o Partido Popular na súa política en Galicia e no Estado de que hoxe en día unha nave industrial no polígono de San Pedro custe 20 euros o metro cadrado e aquí na Veigadaña pase de 180 a 107, a nosa responsabilidade será evitar que pase isto aquí e non dicirlle aos partidos da esquerda portuguesa e os traballadores portugueses o que teñen que facer no seu país; e remato porque creo que hai moitas cuestións, si claro que podemos discutir cales son as cuestións que importan aos empresarios galegos e os empresarios de fora irse ao norte de Portugal, pero dicíao o Alcalde de Valença, o que o demandan, o que a estadística de tódolos empresarios de Vigo, da nosa contorna, da automoción, que se foron a Portugal precisamente a cuestión dos salarios non a cuestión do solo industrial, porque o solo industrial moitas veces vai ligado a outras cuestións que non son

exclusivamente de custes e polo tanto, eu creo que nos imos abster porque cremos que é unha demagogia que este Pleno aprobara no seu día unha cousa completamente diferente.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr. Aneiros, se tanto lles preocupa póñanse as pilas porque esta cidade e este Alcalde e este goberno municipal ten moito que dicir, claro que si porque Vigo é un dos polos da Eurorrexión. O Sr. Feijóo avoga por un polo loxístico de transporte turístico de tecnoloxía de innovación entre Galicia e o norte de Portugal para consolidar unha Eurorrexión con criterio e voz propia. Permítame comezar con este titular porque é do pasado 20 de abril, xa do 20 de abril, un día no que o Presidente da Xunta de Galicia foi a Oporto para cooperar, para pedir cooperación algo que vostedes non entenden polo tanto, se están tan preocupados actúen por favor.

A Xunta de Galicia está a poñer tódalas forzas na innovación, na experiencia, na calidade, na competitividade pero nunca vai competir polos salarios como di o Sr. Correa, o que non podemos facer é volver para atrás, e é unha competencia en nivel de salarios que non podemos permitir, iso está claro, non podemos facelo a calquera prezo. Por que están a solicitar aquí o que xa estamos a facer? Para darlle cen voltas, para xerar un conflito, volver ao punto de partida, saír como campións, mire, o seu “modus operandi” deste seu goberno municipal xa está máis que queimado e xa o temos moi visto, con moitos temas relativos a esta cidade, na súa exposición de motivos Sr. Aneiros di que as administracións permanecen impasibles, iso é unha mentira, a que permanece impasible é este Concello, impasible de brazos cruzados totalmente, ogallá ademais permanecera só impasible porque o que fai é insultar ao Alcalde de Oporto, chamarlle sectáreo e poñer aínda máis barreiras das que xa normalmente e habitualmente podemos ter co norte de Portugal, hai que cooperar, tenderlle a man e intentar buscar as sinerxias, iso para comezar.

Chámame a atención ademais un dos parágrafos da moción no que di, “tampouco se adican esforzos para establecer e realizar unha colaboración leal entre ambos territorios”, permítame que me ría polo tema de colaboración leal, colaboración e lealdade son dúas palabras que neste goberno municipal non existen Sr. Aneiros, pero quere tomarnos o pelo, o político que menos colabora, menos leal é o Sr.

Caballero, moito bla, bla, bla, como sempre e nunca cumpre o que di e o que ten que facer para que vaíamos na dirección positiva. Copien a Oporto, nós presentamos unha emenda porque podemos facer o mesmo porque as cousas que se fan ben porque non imos copialas como goberno municipal ou como cidade e como Vigo co nivel que ten, instamos ao goberno municipal nós aplicar nas taxas de impostos municipais as máximas bonificacións previstas na Lei de Facenda Local para empresas de nova implantación na área municipal de Vigo, en Oporto as empresas ata que facturan 150.000 euros non pagan impostos municipais, iso sería un bo incentivo para manter aquí tecido empresarial, vostedes non teñen os incentivos fiscais que teñen noutras cidades da Eurorrexión.

Polo que parece vostede insinúa que Portugal, un país cun goberno de esquerdas que vostedes Socialistas en Madrid poñen moitas veces como modelo está a facer políticas que consisten nunha condicións laborais precarias, nunhas prevendas ás empresas, con incentivos prohibidos polo dereito da Unión Europea, en que quedamos? Que modelo queren? E que vostedes non saben nin o que queren ou queren unha cousa ou queren a outra, ou non saben o que queren, como dicía o Sr. Casares “basta con enferruxar” e despois saír como se atopasen a solución a tódolos problemas, xa estamos cansados porque sabe vostede o que é un polo económico, un polo económico é axuntar forzas, cando Portugal fai cousas ben, fagamos as cousas ben, intentemos buscar sinerxias e este Concello, Vigo, ten moito que dicir, case máis diría eu que o Presidente da Xunta de Galicia que vai a Oporto para buscar a cooperación, así que vostede non estean de brazos cruzados deixando a Vigo como sempre no furgón de cola porque este tema, todos estamos de acordo os tres grupos que é moi serio, agora tamén me gustaría dicir unha cousa e o desdoblamento de empresas é desdoblamento, ata o de agora non pecharon ningunha, se é verdade que sabemos que Viza vai tamén a México, mantense tamén en Vigo, Maviva vai a ampliar en Bouzas, é unha deslocalización de momento un desdoblamento, non é que cambien Portugal por Vigo ou por Galicia pero temos que consolidar e temos que manter, e dígolle unha cousa isto faise con c de cooperación e non con c de competición que é o que fai este Alcalde, competir permanentemente con tódalas administracións, países, que quere unha medalla, o que quere é esta moción, sabe por que esta moción, porque quere unha medalla como a do Sr. Feijóo.

Vostede si son oportunistas neste caso, tocoulle a vostede o papel de defender esta moción pero o Alcalde dixo “hai Feijóo ten unha medalla, eu quero unha igual, pois vou presentar unha moción a ver si máis aceptan”, xa estamos fartos, iso é moito máis serio do que parece, si hai que coñecelo e que xa son moitos anos, vostedes concelleiros que son 16, non se deixen enferruxar polo embigo do Alcalde o Sr. Abel Caballero que teñen moito que dicir a ver se son un pouco sensatos nisto e poderían aceptar esta emenda de adición que sería moi vantaxosa para as empresas de Vigo, para o tecido empresarial e ademais o xigantes que é o Naval e Citroën témolo aquí, non están en Portugal, o xigante témolo aquí e témolo que manter así que coiden o que temos porque imos costa abaixo con este Alcalde.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que estou dobremente sorprendido, nun momento cheguei a votar en falla ao Sr. Fidalgo que é o que soe defender as mocións imposibles do Partido Popular pero vexo que a Sra. Egerique é digna sucesora do noso insigne senador en Madrid.

Ese é o primeiro motivo de estupefacción, pero o segundo é que de momento estamos no termo municipal de Vigo, somos concelleiros de Vigo, votados polo cidadáns de Vigo, defendemos os intereses de Vigo é o Sr. Pérez Correa parece que defende os intereses de Portugal, creo entender, esa defensa encendida de que Portugal non tiña a culpa e que o chan industrial atópase ao prezo de 20 euros, os datos son distintos, chan industrial regalado eses son 20 euros, non son 20 euros, non é valor de mercado, non sei a que país defende vostede nin a que cidadáns defende vostede, pero mire froito do que dicía de que as administracións competentes de que nin o Ministerio de Facenda, o de Economía, a Presidencia de Goberno do Estado, nin o Presidente da Xunta de Galicia eran coñecedores ou son coñecedores da situación da competencia desleal do norte de Portugal e que o Sr. Presidente da Xunta de Galicia o Sr. Núñez Feijóo, na Comisión Galega de Cooperación Local, do día 20 de abril dos correntes, manifestou que despois de ir a Oporto e decatarse alí foi a recibir unha medalla pero foi tamén a decatarse por desgracia, do que están facendo alí palabras literais “volveu horrorizado” da situación en Portugal, insisto, horrorizado. Se o 20 de abril de 2017, despois de ir Portugal di que ven horrorizado significa que non tiña nin idea, o cal é grave nun presidente da Xunta de Galicia que non teña nin idea do que están a facer

deslealmente os veciños do sur do río Miño, competindo deslealmente contra as empresas galegas, prexudicando notablemente a esta cidade, ao interese do Sr. Feijóo parece que sempre é prexudicar a Vigo, por favor que se poña a camiseta de Vigo, de Galicia que defenda os intereses da nosa cidade.

A Xunta de Galicia non ten na nosa cidade ningún polígono industrial, non ten terreos industriais a cero euros como ten noutras cidades de Galicia, nin con opción de compra como ten noutras zonas de Galicia, que a Xunta de Galicia colla os toro polos cornos, que asuma as súas competencias, que dote de solo industrial na nosa cidade e na nosa contorna, que conceda os incentivos fiscais porque Sra. Egerique nós, o goberno, a cidade de Vigo, ten unha exención para as empresas que están na nosa cidade e que factura menos dun millóns de euros, vostede di que Portugal ten menos de 150.000 euros, nós ata 1 millón de euros a sociedades que están en Vigo non tributan no imposto sobre actividades económicas.

PRESIDENCIA: Entendo que a emenda presentada polo Partido Popular, rexeitouna.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e nove abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 21.04.2017 (rex. nº 1551/1101), polo

concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9(67).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de marzo de 2017 e 20 de abril de 2017.

10(68).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de marzo de 2017 e 20 de abril de 2017.

MOCIÓNS.

11(69).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á CORPORACIÓN MUNICIPAL A QUE LEVE A CABO AS CONTRATACIÓNS PARA CUMPRIR COA PROPORCIÓN DE 1 TRABALLADORA/OR SOCIAL POR CADA 8.000 HABITANTES E ELABORAR UN PLAN CONTRA A POBREZA NA NOSA CIDADE. REXISTRO PLENO 1548/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2017, número 1548/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Por moito que os poderes públicos e os intereses económicos queiran agochalo, os datos sobre pobreza na nosa cidade non deixan de incrementarse. Somos, por exemplo, a cidade galega onde se incrementou máis o número de solicitudes da RISGA nos pasados anos, triplicándose dende o inicio da crise.

Algunhas administracións locais, como é no caso de Vigo, tratan de establecer medidas para paliar dalgún xeito os efectos tanto da situación na que se atopan centos de familias, mais estas, acaban supoñendo unha acción de beneficencia mais que unha ferramenta útil para as persoas que precisan unha saída. Ademais, non son competencias directas da administración local, polo que tampouco existen recursos suficientes para soste programas sociais, formando parte dos gastos impropios que as administracións locais asumen pola “ausencia” das outras administracións que si teñen competencias e recursos así como pola lei

No Concello de Vigo existen varios programas enmarcados dentro do departamento de servizos sociais, a través dos cales están chegando milleiros de solicitudes para acceder aos programas puntuais de axudas, como os relacionados coa escolarización das nenas e nenos, os programas de axudas extraordinarias para familias, ou ben as axudas de emerxencia social, activas durante todo o ano de xeito ininterrompido.

Polo tanto, á vista da situación e á vista do número de solicitudes que se fan no noso Concello para poder acceder ás axudas, existe un lóxico incremento do traballo nas áreas relacionadas con Política Social. Isto non soamente se concreta na cuestión das axudas económicas, senón que ademais, se incrementan substancialmente as citas presenciais coas/os traballadoras/es sociais, xerando un volume de traballo moito maior do que o servizo é capaz de manter.

Neste punto, é preciso ter en conta, e como punto de partida, o establecido no DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, ven expor a proporción de traballadoras/es sociais por habitante que debe ter unha administración local para unha atención básica nos servizos sociais. No caso de Vigo, este número debería ser de unha/un traballadora/dor social por cada 8.000 habitantes. O que temos é 1 por cada 17.700 , e dicir, faltan 18, que vén sendo case a metade.

A responsabilidade desta realidade, e por tanto, a capacidade de poñer algunha solución é compartida entre as administracións e as persoas que pasaron por elas durante os últimos anos. Por unha parte, froito das políticas de recortes que se levaron a cabo desde o Goberno do Estado, a lei de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira fixa unha taxa de reposición mais restritiva, que

incapacita as entidades locais a cubrir todas as prazas vacantes e necesarias a través de oferta pública de emprego. Mais, por outra banda, e neste caso no Concello de Vigo, pódense cubrir a meirande parte delas a través de nomeamentos interino por acumulación de tarefas, mais isto non se está levando a cabo e a situación xerada é de sobrecarga de traballo e, polo tanto, retraso na resolución dos expedientes.

É necesario poñer a vontade, colaboración e ferramentas necesarias para poder afrontar a realidade do xeito máis eficiente. Estamos falando da vida das persoas, polo que este traballo debe ser prioritario dentro das responsabilidades a desenvolver no noso Concello.

Dentro destas ferramentas, propoñemos o que consideramos poden supoñer unha serie de medidas eficientes e útiles para mellorar a vida das persoas e reducir a pobreza.

Estas medidas substanciaríanse nun Plan Local de Loita contra a Pobreza, para o que, consideramos podemos partir da premisa establecida nos Obxectivos comúns da UE contra a pobreza e exclusión social (2001/C 82/02) en concreto:

- 1.Fomento da participación do emprego e acceso aos recursos, dereitos, bens e e servizos por parte de todas/os*
- 2.Prevenición dos riscos de exclusión*
- 3.Actuación a favor das/os máis vulnerables*
- 4.Mobilización de todos os axentes.*

Polo tanto, en coherencia con estes puntos, propoñemos que o Plan a desenvolver debería incluír as seguintes funcións:

1.Creación de espazos de coordinación e traballo técnico en torno á loita contra a pobreza. Elaboración dun convenio marco no que participaran as administración con competencias en Política Social, especialmente Xunta de Galicia e Concello de Vigo, así como o establecemento Mesas de traballo onde participen de xeito vinculante entidades sociais, veciñais, de loita contra a pobreza e exclusión social, etc... que permitan establecer relacións, compartir recursos e deseñar actuacións conxuntas.

2.Asegurar a partida orzamentaria das Axudas de Emerxencia coa participación das dúas administracións mediante convenio vinculante. Ademais se modificarán os baremos económicos das axudas para evitar que centos de persoas que o necesitan, queden fóra.

3.Modificar os baremos de acceso ás Escolas Infantís Municipais, reservando prazas específicas para familias derivadas desde os servizos sociais.

4.Realizar un estudo diagnóstico para establecer un mapa das entidades sociais que traballan no ámbito da pobreza e exclusión social para poñer en valor e ordene as acción que están realizando as entidades sociais, colectivos e grupos de cidadás/ans da nosa cidade.

5.Potenciar a formación para profesionais e o deseño de metodoloxías de intervención que dean resposta ás necesidades das persoas que se atopan nunha situación de pobreza ou en risco de exclusión social.

Por todo iso, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguinte

ACORDO

1.- Levar a cabo as contratacións necesarias no Concello de Vigo na Área de Política Social para cumprir co ratio de 1 por cada 8.000 habitantes.

2.- Iniciar o proceso para a elaboración dun Plan contra a Pobreza na nosa cidade, baseado para o seu funcionamento, na máxima colaboración entre institucións. Dito plan terá que partir dun acordo marco (convenio) entre a Xunta de Galicia e Concello de Vigo que contemple recursos económicos e reparto competencial.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Esta moción non pretende facer un relato ou mapa radial da pobreza na nosa cidade porque creo que xa falamos moitas veces neste Pleno e creo que tódolos grupos políticos coincidimos, incluso algunhas accións proactivas fanse por parte do goberno local en que é unha situación que non ten unha solución a curto prazo, que non ten unhas medidas proactivas da administracións porque entre outras cousas non tódalas administracións temos as mesmas competencias nin tódalas capacidades económicas para levalo adiante, sobre todos os concellos que non temos esa competencia que é unha competencia delegada tanto pola Constitución, polo estatuto de autonomía ás comunidades autónomas pero nós si que imos detectando ao longo do tempo que nesa pelexa sistemática entre a Xunta de Galicia e o Concello, entre o debate competencial que parece para absolutamente toda a iniciativa política, pois pensamos que hai opcións a que ese debate pase a un segundo plano, de quen ten as competencias, os recursos ou quen ten a capacidade incluso a nivel de persoal para levar adiante as políticas de loita contra a pobreza e a exclusión social na nosa cidade, os datos non os imos dar porque entre outras cousas xa non os temos que dar os grupos políticos, que como sempre se di poden ser datos absolutamente terxiversados ou datos interesados,

os datos sistematicamente nolos están dando ás entidades sociais, ás entidades que traballan na rúa, que traballan incluso coas familias e cos datos da pobreza nesta cidade, o Instituto Nacional de Estadística, Cáritas, calquera informe que se queira poñer pois pon uns números que son arrepiantes. Polo tanto, obviando esa cuestión que creo que é de consenso de todo o mundo de que existe, nós aquí queremos propoñer unha cuestión que en moitos concellos está a facer e moitas comunidades autónomas precisamente para evitar o que levamos nós moitos meses discutindo, que é quen ten a responsabilidade na cuestión da pobreza, quen ten a capacidade de paliar e quen ten capacidade sobre todo de asignar recursos para evitala. Nós propoñemos algo positivo, e é un plan local, se nos dirá que hai plans, que o Concello de Vigo ten un plan, que no seu día había incluso un plan derivado do Plan Galego que existe plans, proxectos, nós non estamos a falar dos proxectos que ten o Concello de Vigo, non estamos a falar dos proxectos que ten a Xunta de Galicia, estamos a falar da concreción dun Plan que están a facer xa en moitos concellos e que iso significa que as administracións asumen organizarse, poñerse de acordo na redacción dun plan cuns obxectivos e polo tanto tamén cuns medios, ese plan sería para nós importante que se puxera enriba da mesa entre as dúas administracións que teñen máis capacidade, tanto competencial como capacidade económica para levar adiante unha política de radicación da pobreza e a exclusión social na nosa cidade. Polo tanto, para nós ese plan redactado entre os servizos sociais e a xente que leva as cuestións análogas no Concello de Vigo tanto da Xunta de Galicia, ese plan se redactara e se puxera en funcionamento e tomando como referencia tamén algunhas carencias que existen dentro das competencias municipais en materia de servizos sociais, que é o ratio de traballadores sociais por habitantes, estamos moi por lonxe do que marca a lei, o ratio de un traballador social por cada 8.000 habitantes non existe e nós sabemos, é certo que existe unha contención na posibilidade de ofertar dentro da oferta público de emprego prazas para traballadoras sociais, pero tamén sabemos que hai outras fórmulas por acumulación de tarefas ou por fórmulas que poñamos enriba da mesa para evitar que esteamos nun ratio tan desfasado, se nos dirá que contrataron sete recentemente pero unha sentenza xudicial obrigou a substituír as sete por outras sete, nós aí o que estamos a propoñer é que se leve adiante tódalas medidas dentro da capacidade que teñamos os concellos e a colaboración

obviamente coa administración autonómica e que se sexamos capaces de cumprir ese ratio, porque si que é certo que gran parte da discusión que levamos moito tempo neste Concello sobre axudas de carácter autonómico como pode ser a RISGA, sistematicamente o peloteo é que a responsabilidade de tramitalas é o Concello que o Concello non tramita ou tramita máis alá de catro meses, pero dende logo se non estamos a cumprir o ratio de traballador social por número de persoas que solicitan a RISGA somos o concello no que máis se multiplicou de toda Galicia de maneira exponencial o número de solicitantes da RISGA.

Polo tanto, o que pedidos é que a través dun plan concertado entre a Xunta de Galicia o Concello se leven adiante. Existe fórmulas, exemplos en moitos concellos e comunidades autónomas en onde administracións de diferente color si se puxeron de acordo na redacción dun plan local de loita contra a pobreza, estamos a falar de Córdoba, incluso da Cidade Autónoma de Melilla, da cidade de Burgos, moitas cidades onde os cores políticos das administracións locais e autonómicas son diferentes pero nas cuestións da pobreza foron capaces de levar adiante estes plans de urxencia ademais, non pode ser un plan que se leve na súa redacción gran parte do que queda lexislatura e para nós sería unha maneira importante de comezar a falar non de quen ten a responsabilidade entre administracións senón do que achegamos cada administración.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: As competencias locais, Sr. Correa, asúmeas por decisión única e exclusiva o goberno local, debería sabelo e estou segura que o sabe ademais, entón non é algo que realmente acceda o o goberno local porque non lle queda outro remedio, asúmeas el porque non cabe dúbida e vostede sabe que é moi bonito isto de axudar aos que non teñen, de presumir de axudar na pobreza.

No Concello de Vigo sobran recursos moitos recursos como todos sabemos hai un remanente de 97 millóns de euros que solucionarían boa parte nestes momentos da cantidade de desafiuzamentos que se están a producir nesta cidade porque xa sabemos todos que hai como dous desafiuzamentos diarios, e moita xente en exclusión social tería cubertas as súas necesidades. Hai exactamente tres meses a Xunta de Galicia entregoulle ao Concello unha partida de cartos para contratar nove traballadores, un educador e un psicólogo, a Xunta de Galicia está a pagar en

Vigo 36 traballadores sociais, e isto non é mentira supoño que ninguén poderamo negar. O problema deste Concello non son os cartos, é a xestión e o nulo interese que ten por axudar a inserir a persoas que se atopan en exclusión social á sociedade outra vez, unha sociedade que está desexando mesmo de que desapareza a pobreza totalmente e desaparecer a pobreza non é prohibida, é traballar para que a xente teña recursos para poder vivir dignamente.

Eu quero lembrar que o Orzamento do ano pasado do Concello de Vigo foron 12 millóns de euros, comparados cos 40 millóns de euros que tivo a Xunta de Galicia, quero lembrar que este ano ten un orzamento de 13 millóns de euros que espero que realmente os invista ben, e que utilice os remanentes.

A min lémbreme a súa moción Sr. Correa, de verdade, a algo que eu vivín hai algún tempo, como quince anos, dun grupo que se adicaba realmente a loitar e para facer visible a pobreza nesta cidade, hai 15 anos diso e estamos exactamente no mesmo.

Nós imos votar que si pero máis que nada polo primeiro punto, o segundo parécenos unha declaración de intencións porque nós cremos que o camiño da inserción laboral é a inserción laboral e polo tanto intentar traer a xente entre colaboradores de empresas, etc. a xente que está a traballar na RISGA, haberá que entre colaboración de empresas e doutras empresas de inserción social, darlles unha oportunidade para que os perceptores do RISGA teñan unha experiencia profesional, iso é onde temos que traballar. Eu lembro sempre e dicíase cando eu era nena, que xa son moi maior, que se queres que algo non funcione crea unha comisión, nin máis nin menos, e sobre todo crea entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo neste momento porque entón “tela marinera”, entón si que podemos morrer todos, para iso hai que negociar, hai que estar coa xente e levalo a cabo.

Polo tanto, nós si imos votar a moción, a min paréceme moi importante sobre todo o primeiro punto no que estamos de acordo totalmente pero o segundo parécenos unha declaración de intencións que ogallá se puidera facer, pero é imposible sabendo onde estamos nestes intres.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que esta cidade necesita dunha política social, e esa política social como se dixo debería ser asumida dende o principio pola Xunta de

Galicia, pero como queira que isto non é a realidade a tivo que asumir este Concello, e dicímolo unha e mil veces, estamos neste Concello ante a mellor política social do Estado español porque fomos os primeiros en introducir elementos como a axuda aos desafiuzamentos, como a atención ás necesidades de alimentos e como axuda á pobreza enerxética, hoxe todos falan destas cuestións pero cando o iniciou este Concello en ningún concello isto formaba parte das axudas sociais.

O mellor aval deste Concello e da súa preocupación pola atención aos máis necesitados é a concreción da nosa política social presupostaria, política social que non teñen outros concellos, que non ten o Concello de A Coruña, nin o de Santiago de Compostela nin o de Ferrol. Estamos a falar non dunha cifra que se deu de 14,2 millóns de euros para toda a política social deste Concello, estamos a falar dun incremento do 12,3% con relación ao ano 2016, estamos a falar dunha axuda contra os desafiuzamentos de 2,5 millóns, dun cheque social que atendeu 3.034 axudas no que é o conxunto de vivenda, alimentación e enerxía, pero cando falamos de política social tamén hai que falar dun albergue, que temos nesta cidade e que non teñen noutras cidades, hai que falar dun servizo de Axuda no Fogar de 4,5 millóns de euros que se incrementou este ano nun 41,7% pero tamén política social é o apoio aos vigueses no que é o transporte urbanos, non a ningunha concesionaria, senón aos vigueses no transporte urbano pero tamén hai que falar de bolsas de libros e comedor, da atención a 5.000 nenos/as con bolsas que supoñen 1,8 millóns de euros para este Concello e tamén hai que falar de bolsas de inglés 1,4 millóns de euros, e hai que falar de programa de menores e de apoio a comedores sociais con medio millón de euros do orzamento municipal e tamén hai que falar como dicía antes o concelleiro de Facenda das escolas infantís nesta cidade. Hai que falar de todo isto e esta é a política social e o mellor aval que ten este Concello en atender as necesidades aos cidadás.

Logo non se poden extrapolar cuestión, é absolutamente falso o ratio de traballadores que se da nesta moción, a situación real de traballadores é que temos 31 prazas e están ocupadas 29, a maiores e o recoñecía o propio voceiro de Marea de Vigo, hai sete interinos que están rotando permanentemente cada seis meses porque estas son as reais posibilidades que temos de contratación e isto supón un total de 36 traballadores e como queira que hai que dividir ben, o ratio real é 8.333

usuarios por cada traballador social, non se poden facer unhas contas que non se corresponden coa realidade. Polo tanto, nós imos votar en contra desta moción e quero explicalo moi ben, imos votar en contra desta moción porque o auténtico plan de axuda social é o que temos dende o Concello, porque esta moción parte dun voluntarismo político e dunha inxenuidade que a concelleira do Partido Popular nos acaba de confirmar, aquí se di de conveniar entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo e a min, permítame Sr. Correa, é unha completa inxenuidade, aquí do que hai que comezar a falar e o punto de partida é que a Xunta de Galicia diga que apoia a esta cidade en materia social en 15 millóns de euros como fai este Concello, pero 15 millóns de euros nos orzamentos, no DOGA, porque os 40 millóns de euros aos que refire a concelleira do Partido Popular debeunos de ver nunha barra de xeo, eu quero velos no DOGA e polo tanto, esta é unha moción, insisto, dende o voluntarismo político, e cremos e o exercitamos día a día que as atencións sociais nunha competencia impropia deste concello a estamos a atender sobradamente, ogallá puidéramos máis pero cumprimos coa legalidade orzamentaria.

SR. PÉREZ CORREA: Eu tiña que botar a primitiva que seguramente tería acertado porque creo que sabíamos este grupo municipal cal ía ser a resposta e esa secuencia de “a ver quen é máis guapo” ou cousas que eu non vou citar a nós non nos parece que é o que pon a moción, é dicir, nós non queríamos aquí unha moción para que cada administración se mirara no espello e se fixera un acto de auto abalamento. Nós o que queríamos era que miráramos con maior perspectiva as cousas que poden facer as administracións públicas cando non entran nestas pelexas, como que o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia non se poñen de acordo? Póñense de acordo en moitas cousas, póñense de acordo en quitar o Plan Xeral pola vía dos feitos porque o marrón téñeno comido, póñense de acordo para quitar cuestións que teñen un carácter de interese económico determinados sectores e elites políticas e económicas desta cidade, non se poñen de acordo nas cuestións que consideran secundarias, porque nin as políticas sociais da Xunta de Galicia nin o Concello teñen paliada a pobreza nesta cidade, nos anos que levan os cheques sociais, datos do Instituto Nacional de Estadística, a pobreza é crónica, endémica na cuestión da pobreza infantil, por enriba do 21%, un de cada tres

nenos vigueses están en risco de exclusión social dentro das características da exclusión social, que pode ser incluso considerada polos traballadores sociais que un neno nun colexio non poida ir ás actividades extraescolares como van o resto dos nenos porque a súa familia non ten recursos, o que non teña tres comidas ao día e os docentes desta cidade os que temos familiares docentes din que é evidente que hai nenos que se non hai comedores, por certo, comedores que pechan nos meses de verán, eu creo que esa situación está cronicada e o que está amosando que as poucas medidas que pode facer un concello e replico que o Partido Popular sistematicamente impide, o Partido Popular acaba de denunciar o Orzamento do Concello de Madrid porque hai 100 millóns do superávit que se quere empregar en recursos sociais e o Partido Popular o impide, a Tesourería non se pode empregar en servizos sociais por un mandato do Sr. Montoro, os concellos non somos responsables de non poder utilizar os máis de 1.000 millóns de euros que hai na caixa do Concello de Madrid ou moitos dos recursos económicos que hai na caixa do Concello de Vigo, que modifiquen esa lei e que permitan que o superávit se empregue por esa vía. Pero eu a esta altura da miña vida ter que citar a un párroco que é o Padre Ángel de Mensaxeiros da Paz que di “quen ten a responsabilidade da pobreza? Os que gobernan” respondeu así e os que gobernan son tódalas administracións, maior competencia ou menos competencia, as bolsas de inglés non son competencia municipal e ben que as asumimos, estábamos de acordo os concellos hai 20 en dicir que máis do 40% do gasto dun concello non é competencia nosa, pero imos asumindo, e claro que son insuficientes as axudas, as poucas axudas que da o Concello de Vigo cando repito, máis de 1.100 familias quedaron fora, o argumento é que non cumprían os ratios de renda e unha familia con ter un ingreso de 250 euros por persoa na unidade familiar, xa non ten acceso ás axudas municipais, polo tanto, non era ver quen é máis guapo, senón a beleza colectiva e como se pode construír.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido

Popular señores e señoras, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.04.2017 (Rex. Nº 1548/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(70).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A APLICAR UNHA REBAIXA ESTE ANO DUN 25% NO RECIBO DO LIXO PARA TÓDALAS VIVENDAS, LOCAIS COMERCIAIS E INDUSTRIA DE VIGO. REXISTRO PLENO 1546/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2017, número 1546/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 31 de marzo o goberno municipal prorrogou, ‘in extremis’, o contrato vinculado á recollida de lixo (reposición de colectores e papeleiras; recollida e transporte de residuos sólidos urbanos; e servizo público de contenerización). Un contrato que databa do ano 2001 e que ascende aos 30 millóns de euros anuais.

Esta forma de actuar non fai senón poñer de manifesto a preocupante falta de xestión dun executivo que, ou fai mal os contratos –como sucede, por exemplo, co de parques e xardíns-, ou os prorroga sen atender a explicacións –como ten feito co da auga-.

Neste marco, cómpre lembrar, ademais, que o propio goberno municipal apostou en novembro de 2015 pola redacción dun novo contrato, chegando o concelleiro David Regades a ditar unha resolución para o estudo do mesmo. Pese a todo nada se fixo, e o mencionado 31 de marzo, ás 14.40 horas, vinte minutos antes de que expirase o contrato de lixo, o executivo prorrogou de urxencia unha concesión que, 16 anos despois, en nada responde ás necesidades actuais de Vigo.

Ademais da evidente falta de xestión, a prórroga do contrato suporá peores servizos e unha maquinaria obsoleta, implicando un menor custe que debe repercutir en beneficio dos vigueses. De feito, o propio alcalde xustificou a prórroga nesa redución de custes.

Así, o grupo municipal do Partido Popular considera que resulta evidente a existencia dunha relación directa entre o contrato do lixo e as taxas que deberían pagar os vigueses, polo que faise imprescindible a diminución desta taxa. Máis se cabe tendo en conta que o Concello de Vigo conta con 97 millóns de euros en caixa e os vigueses están a soportar as taxas e impostos máis elevados de Galicia.

A saber, pagamos o Imposto de Bens Inmóbiles máis alto de Galicia (0,882%); o bonobús máis caro de Galicia (0,87€); a grúa máis cara de Galicia (133,40€); a XER máis cara de Galicia (1,45€); o imposto de Vehículos máis caro de Galicia (61,75€ por un vehículo medio); ou a auga máis cara de Galicia, mesmo cando non a consumimos.

Neste marco, e tendo en conta que os orzamentos deste ano prevén uns ingresos pola Taxa de Lixo de Vivendas e Comercial de 16,8 millóns, consideramos factible un desconto do 25% nesta taxa para veciños e comerciantes. O equivalente a redución acadada cunha prórroga que implica peores servizos e o emprego dunha maquinaria obsoleta.

Deste xeito, dito aforro repercutiría en quen realmente o merece: as máis de 143.000 vivendas, que pagarían 63 euros fronte aos 85 actuais; e aos aproximadamente 15.000 locais comerciais, negocios e industrias da nosa cidade.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao Goberno municipal a aplicar unha rebaixa inmediata este ano dun 25% no recibo do lixo para todas as vivendas, locais comerciais e industria de Vigo.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O pasado 31 de marzo o goberno municipal no tempo de desconto, prorrogou tres contratos do servizo de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras recollidas e transporte de residuos sólidos e de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados, é dicir, prorrogou tres contratos do lixo.

A verdade é que este goberno municipal ten dúas formas de xestionar os contratos nesta cidade, ou ben os fai mal e hai que modificalos como pasa co de Parques e Xardíns que levamos por tres concesionarias diferentes, imos cambiando e houbo que modificar os pregos, tódolos vigueses saben do desastre de contratación de Parque e Xardíns ou a segunda modalidade é deixemos pasar o tempo e non facemos os deberes a tempo e despois non temos máis remedio que prorrogar os contratos porque se nos acaba o prazo, sobre todo tendo en conta nestes 3 contratos uns contratos que se prorrogan despois de que o propio executivo e o Sr. Regades sábeo moi ben, apostase en novembro do 2015, pola redacción dun novo contrato e encargara esa redacción, deus meu!, que contrato, que dificultade debe ter que máis dun ano e medio despois seguimos sen contrato e vamos ter que prorrogar os que temos a día de hoxe. Pero esa prorroga dun ano ten unha consecuencia, e é que os vigueses imos ter unhas instalacións e uns elementos, vehículos, etc. vellos, obsoletos, é verdade que imos pagar menos por eles porque imos ter peor servizo, que consecuencia ten iso? Que se lle vai pagar menos á concesionaria, que baixe o custe en 4 millóns de euros, e nós a proposta que hoxe traemos aquí ao Pleno e ademais con máximo ánimo construtivo e de verdade esperamos que houbera unha reflexión no goberno municipal máis alá da primeira contestación a vote pronto e que pensen realmente o que necesitan os vigueses/as pois o que queremos facer como se di da necesidade virtude, e deste erro na xestión convertelo nun aforro para tódolos vigueses/as e por iso traemos esta proposta que eses 4 millóns de menor custe porque insisto, imos ter peores servizos porque imos ter unha maquinaria obsoleta, se traslade directamente ao petos dos vigueses.

Estamos a tempo porque non temos o padrón fiscal aínda aprobado, aínda non se xiraron os recibos e polo tanto estamos no tempo perfecto para rebaixar ese 25% que se vai aforrar o Concello de Vigo e trasladarlllo a tódolos vigueses/as. Esta rebaixa que nós propoñemos a día de hoxe beneficiaría a máis de 143.000

vivendas que pagan o recibo do lixo e a uns 15.000 locais comerciais, negocios, industriais que tamén están a pagar esa taxa.

Polo tanto, beneficiaría a tódolos vigueses xa sexa comercios, particulares e lles daría un respiro que é o que se merecen señores do goberno local, xa basta desas voracidade recadadora que teñen vostedes, xa basta de querer sempre cobrar máis impostos, ingresar máis e logo vemos e o acabamos de ver que non capaces de gastalo, deixe que o gasten os vigueses e báixelles o recibo do lixo porque aquí en Vigo pagamos os impostos máis altos de toda Galicia, si Sr. Aneiros, mire, eu voulle a ensinar os cadros que reflicten a realidade dos impostos que pagamos os vigueses, mire o impostos de bens inmobles o máis alto de tipo de toda Galicia, logo non me veña coa escusa barata do valor catastral, pero ese non depende de vostedes, depende do goberno de España, o impostos de vehículos, o da grúa, a hora, podería seguir así ensinándolles tódolos cadros onde somos o faroleiro vermello Sr. Aneiros, están vostedes sangrando a impostos aos vigueses, é dicimos nós, xa que se van aforrar 4 millóns de euros que eses cartos de peor servizo polo menos se traslade en 4 millóns de euros en aforro e nun 25% de rebaixa da taxa do lixo. Queremos que os vigueses este ano 2017 paguen menos taxa do lixo, iso é o que queremos, iso é o que propoñemos e sinceramente máis alá da súa política de confrontación con todo, máis alá da súa político de non a todo porque si, sexan razoables e non só pensen nos tempo de pagos das facturas do Concello de Vigo para poder poñerse esas medallas que estamos a ver que lles gustan tanto, pensen na economía familiar de moitas familias nesta cidade que necesiten e se merecen un respiro e déallos, por unha vez, pero déallos.

SR. PÉREZ CORREA: Non é nada novo esta moción do Partido Popular na cuestión da rebaixa en positiva nesa cultura na oposición, pide a rebaixa de impostos e no goberno non os aplico, non é nada novo porque non é algo que estea pasando nos concellos de Galicia gobernados polo Partido Popular e si que é curioso que estes meses anunciaba ou polo menos asistíamos, creo que todos estupefactos a unha iniciativa do Partido Popular de que dar máis investimentos pública ao concellos que baixen impostos xa de por si, sen ningún tipo de criterio iso está dito, está enriba da mesa que sería un dos momentos fiscais máis hilarantes da historia económica deste país, ligar o investimento á baixada de impostos entendendo

entón que como se vai financiar gran parte deses investimentos. Nós non estamos en contra de que se baixen impostos, tampouco estamos en contra de que se suban, nós o que queremos son impostos progresivos, quen máis ten máis pague, unha misiva absolutamente necesaria e incluso quen máis axuda en determinados servizos públicos pague menos, e explícome, non é o mesmo baixarlle o lixo a unha cafetería que incumpre a ordenanza municipal que di claramente que despois de acabar o período de apertura da cafetería ten que varrer onde tivo a súa terraza, iso está na ordenanza, non estamos inventando nada, non é mesmo os recintos hostaleiros que colaboran coa limpeza viaria que os recintos que fan da vía pública o seu estercoeiro, polo tanto, esa cuestión tamén teríamola que ter incluída nunha moción deste tipo porque por certo, estamos a falar de reducións importantes nalgún contratos como limpeza viaria que o montante importante do contrato son salarios, é mellor as rebaixas que moitas veces anuncian ao final as empresas o que fan é actuar contra os dereitos laborais, contra a contratación de máis traballadores/as e cando achicamos esas cuestións, aquí o que falla é a auditoría da concesionaria, estamos de acordo, hai meses anúnciose que se empezaba a redacción no novo prego, porque todos ou polo menos o goberno local entendía que o ano 91 é un ano diferente na economía deste país, incluso na contratación pública e que había que modificar ese prego porque efectivamente había unha taxa de lixo que non é que sexa xusta ou inxusta é que non discrimina a unha familia que non ten recursos, unha empresa que ten beneficios multimillonarios, fai unha política de tarifa plana que é perigosa, polo tanto, nós aí estaríamos de acordo en que ese prego se levara adiante e se modificara, claro pero cada vez que hai que abrir un prego neste Concello hai medo, sistematicamente hai medo, no prego de Parques e Xardíns, hai medo nun contrato triplo que suma 30 millóns de euros como este, hai medo porque a contratación pública deste Concello, non só é que digamos nós que é un desastre, xa empeza a ser sospeitosa, nós queremos saber como se elixen aos funcionarios que redactan os pregos e o queremos saber nós e agora o queren saber os xuíces, queremos saber quen nomea aos funcionarios e como é a escala funcional para que haxa máis de 100 funcionarios, traballadores públicos, neste concello que están ocupando cargos de responsabilidade que son os que redactan pregos e os que logo tamén valoran as ofertas presentadas porque descoñecemos a actualizada relación de traballadores para os postos que din cales

son de libre designación e cales son por concurso interno, espero que o pida o xuíz, porque xa que a nós non se nos da que ao xuíz se lle dea, en sede xudicial que se lle diga exactamente cal é o sistema de captación interna que logo xustifica que se poña nun papel, ampliar un ano máis cando levaban meses redactando un prego que vostedes non foron capaces de quitar. Nós non imos votar a favor porque non consideramos que haxa que rebaixar un 25% porque si, nós o que queremos é que se nos poña enriba da mesa os custes desta empresa, os custes de explotación, se realmente os vehículos que se ao final se entregan no parque de vehículos son vehículos de verdade que estaban dentro da concesión ou é chatarra que se compra na chatarrerías deste país. Queremos saber se realmente hai un seguimento que se está a cumprir as cuestións que poñen nas facturas, o prezo dos contedores que se compran se realmente son os prezos de mercado ou se esas facturas están por enriba dos prezos de mercado, esas cuestións cando se poñan poderemos incluso dicir se se rebaixa ou se incluso se se exime do pago da taxa de lixo a determinadas empresas que colaboren co noso sistema de recollida de residuos sólidos urbanos entre outras cousas por exemplo, unha empresa que non utilice os colectores verdes que estea bonificada, porque ten un sistema integral de recollida de lixo eles mesmos e non utilizan, que en teoría a lei di que non se poden utilizar pero que as empresas sistematicamente seguen utilizando a RSU como se foran residuos industriais, e cando esas cousas estean enriba da mesa nós estaremos de acordo nas bonificacións e incluso en que algunhas familias ou empresas que xeran riqueza, emprego non se lle cobre, pero mentres tanto, mentres haxa esa opacidade, non exista ningún tipo de criterio e non se nos poñan enriba da mesa os custes de explotación do servizos privatizados, nós non imos votar esta moción.

SR. ANEIROS PEREIRA: Non deixa de sorprendere de novo as manifestacións dos compañeiros do Pleno, uns en caso de descoñecemento quero entender da Sra. Muñoz e outros por pretender un alarmismo que está totalmente inxustificado, os procedementos funcionan, a administración funciona e todo faise dentro do marco legal, todo dentro do marco legal.

Estamos falando dun servizo que afecta á salubridade, a hixiene das persoas e dos cidadáns que vivimos en Vigo, o benestar en definitiva pero tamén o emprego e o

atractivo da cidade, mal non o debemos estar facendo, máis ben ao contrario, ben estámolo a facer cando esta cidade ten non unha, nin dúas, nin tres, nin catro, senón cinco escobas de platino polo tanto, estamos a facer un bo servizo á cidadanía, un bo servizo para tódolos que vivimos nesta cidade.

Digo que descoñecen ou queren descoñecer algúns datos, o termo municipal de Vigo ten máis de 100 quilómetros cadrados, neses máis de 100 quilómetros cadrados que ten o termo municipal de Vigo préstase o servizo de recollida de lixo diariamente, hai máis de 7.500 contedores que se baleira a diario, fanse máis de 1.500 quilómetros diarios por parte dos camións de recollida de lixo, límpase as vías, baléiranse as papeleiras e faise unha recollida selectiva de lixo, no último ano máis de 2.000 toneladas de colchóns, electrodomésticos, mobles, enseres, depositados nas vías públicas, pero o relevante, os números, os custes de servizo de recollida de residuos son algo así como 25,6 millóns de euros, a taxa de recollida de lixo só cobre o 64,9% deses custes polo tanto a baixada xa está porque pagamos con impostos recadados da cidadanía, aí está a baixa presión fiscal, Sra. Muñoz, decátese pagamos con impostos recadados unha parte do servizo de recollida de lixo, é dicir, non se repercute á cidadanía todo o que custa o servizo de recollida de lixo, o 64,9% só é o que se lle repercute á cidadanía viguesa. E dese 64,9% que se lle repercute, é dicir, deses 85,05 euros que se repercute á cidadanía viguesa, tan só o 32% é o custe que se lle repercute polo que custa directamente o servizo a esta cidade.

Saben dos 85,05 euros canto supón o canón de SOGAMA da Xunta de Galicia? Supón máis de 57 euros, deses 8,5 millóns que pagamos anualmente a SOGAMA, que non lle repercutimos aos cidadáns de Vigo senón que os asume directamente o Concello de Vigo, deses 85,05 euros, 57,06 euros son o canon de SOGAMA que pagamos cos impostos do Concello de Vigo, polo tanto, o resto é o que supón os custos directos do Concello de Vigo. Pero mire máis alá diso, falan de baixar o lixo, algo terá que ver con isto Sra. Muñoz, cando era conselleira de Facenda da Xunta de Galicia o canon de SOGAMA subiu, sabe canto subiu nos últimos anos? 14 euros que impón a Xunta de Galicia, canon de SOGAMA que pagamos insisto, tódolos vigueses, as arcas do Concello de Vigo que non se lle repercute aos cidadáns de Vigo, sabe canto baixou o Concello de Vigo? O Concello de Vigo baixou a súa parte correspondente, SOGAMA sobe, Concello de Vigo baixa, polo tanto, temos unha

taxa de recollida de lixo que non cobre tódolos custes polo tanto, aí está a baixada de custes para a cidadanía, e insisto, 57 euros se deben ao canon de SOGAMA que pagamos cos cartos que temos nas arcas municipais.

Polo tanto, prestamos un bo servizo á cidadanía e un custe máis que asumible, ás familias, sabe canto supón o recibo de lixo diario? 23 céntimos se prorrateamos o recibo do lixo en cómputo diario, 23 céntimos ao ano, un custe máis que razoable, saben canto supón o recibo de lixo para unha oficina se o prorrateamos diariamente? 64 céntimos ao día, son custes máis que razoables nunha cidade que ten 5 escobas de platino, que non baixa a calidade dos seus servizos que manterá e mantén a calidade dos servizos públicos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pero Sr. Aneiros, hai unha cousa que non nos clareou que parece que non vai pasar, vanse vostedes a aforrar ou non se van aforrar 4 millóns de euros? Van pagar 4 millóns de euros menos nos contratos de recollida de lixo si ou non? Porque da súa intervención ata xa dubidamos que vaian recoñecer, menos mal que o dixo o Sr. Alcalde porque senón e como o dixo o Sr. Alcalde non hai proba que o refute e ademais claramente aparece nos pregos. Dígolle Sr. Aneiros vanse aforrar 4 millóns de euros, que van facer con eses 4 millóns de euros, van engrosar o seu remanente de Tesourería outra vez? Vano deixar nas arcas do Concello? Iso é o que exactamente van facer? Pois nos tememos que si despois da súa contestación porque sinceramente non entendemos como é tan difícil pensar nunha relación causa efecto, 4 millóns menos de custe, imos deixar que os vigueses paguen 25% menos da taxa do lixo, pero non, como sempre tirando de argumentario falan vostedes de todo menos do que se quere falar e do que se está a propoñer aquí, falando novamente da Xunta de Galicia. Imos a falar do contrato de Vigo, onde está ese centro ecolóxico que ía facer a concesionaria que vostedes modificaron o contrato no ano 2012, onde está ese centro ecolóxico que ademais foi unha das razóns da adxudicación, onde está? Non o vemos, que van facer con el, porque a estas alturas me imaxino que nun ano de prorrogación non lles dá tempo a facelo, onde está esa modificación de contrato claro o que lles gusta a vostedes é modificar os contratos, xa o vemos, con tódalas concesionarias á carta, segundo a concesionaria quere modifican vostedes o contrato, son malos xestores, mala xestión, chapuceira a por enriba agora baixo sospeita xudicial, non me estraña que

xestionen vostedes tan mal, que teñan que modificar os contratos porque ultimamente pasan vostedes máis tempo no xulgado que facendo a xestión do Concello, porque desgraciadamente temos un goberno na picota, baixo sospeita e un Alcalde ausente, agora estamos a comprobalo neste Pleno a mellor mostra do goberno que temos, un Alcalde ausente, unha primeira tenente alcalde ausente, iso é o que están a vivir os vigueses día si, día tamén, están a outras cousas pero no ao que lles interesa aos cidadáns e non ven, non queren ver a realidade e non queren ver que hai propostas que se poden beneficiar tódolos vigueses/as como a que traíamos hoxe aquí. Mire que pena de maioría absoluta, que pena de ter desaproveitado unha posibilidade de que esta cidade tivera empuxe, estana mal gastando, váiselles facer estes anos moi longos porque non saben o que teñen entre mans porque este é un despropósito porque non son capaces de pensar nos cidadáns.

Nós imos seguir insistindo, imos pedilo, imos contarllo a tódalas viguesas/es e para que logo mo me digan que non se decatan dos folletos que damos, logo lle pasarei un Sr. Font para o vexa ben e vexa como é posible si se quere baixar un 25% o recibo do lixo, os vigueses meréceno, vostedes dende logo non.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Figueroa Vila, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.04.2017 (Rex. Nº 1546/1101), pola

voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(71).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE DE VIGO A INCREMENTAR NUN MÍNIMO DUN 50% O NÚMERO DE AXENTES QUE TRABALLAN NO EQUIPO DE VIXILANCIA E APOIO Á MULLER MALTRATADA DA POLICÍA LOCAL E CUMPRIR O ACORDO DA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE DOTÁNDOA DAS CARACTERÍSTICAS PROPIAS DUN GRUPO DE POLICÍA XUDICIAL. REXISTRO PLENO 1547/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2017, número 1547/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En marzo de 2006, a entón alcaldesa Corina Porro firmaba un protocolo de colaboración para asumir, por partir da Policía Local de Vigo, funcións na loita contra a violencia machista, materializándose un convenio marco coa FEMP e o Ministerio do Interior.

Dita aposta situou a Vigo como unha cidade pioneira na implicación municipal de cara a combater a violencia machista. De feito, hoxe en día ningún concello galego, e poucos estatais, contan con esta unidade.

A EVAP local -Equipo de vixilancia e apoio á muller maltratada da policía local-, a diferenza do que sucede noutros municipios, faixe cargo de forma exclusiva e integral dos casos asignados, tomando declaracións, investigando, detendo e facendo o atestado completo sen pasar polas dependencias do Corpo Nacional de Policía.

A importancia deste traballo ten sido recoñecido non só a través de distintos galardóns, senón tamén pola propia xuíz de violencia contra a muller. Pese a isto, e pese ao continuo incremento deste tipo de delitos, a unidade continúa co mesmo número de axentes co que naceu hai máis duna década: 5 policía locais e 1 oficial de policía.

Neste contexto, cómpre salientar que, segundo os últimos rexistros, hoxe en día hai arredor de 180 vítimas activas en Vigo con medidas de protección, resultando,

deste modo, un policía por cada 30 mulleres. Unha cifra bastante afastada da recomendación estándar de 20 vítimas por axente.

Así mesmo, á necesidade de incrementar o número de axentes desta EVAP, únese tamén a posibilidade, conforme ao acordo adoptado pola Xunta Local de Seguridade de 14 de xuño de 2012, de facer da EVAP un grupo de Policía Xudicial. Desta forma, a actual unidade tería a iniciativa para poder investigar e abordar máis casos. Unha posibilidade e un acordo do que nada se soubo nos últimos 5 anos.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao alcalde de Vigo a incrementar nun mínimo dun 50% o número de axentes que traballan na EVAP.
- Instar ao alcalde de Vigo a dar cumprimento ao acordo da Xunta Local de Seguridade de 14 de xuño de 2012 e dotar a esta unidade das características propias dun grupo de Policía Xudicial.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Traemos esta moción dende o grupo municipal do Partido Popular porque sinceramente cremos que é importante que dende tódalas administracións tamén do Concello de Vigo as súas competencias se apoie a tódalas mulleres que desgraciadamente cada día son máis, sofren a violencia de xénero, antes de concluír o carto mes do ano, 24 mulleres morreron no noso país asasinadas a mans das súas parellas e hai moitas outras que están nunha situación de risco, unha situación de temor polo que poida pasarlle, pola ameaza constante na que viven.

As violencias e as denuncias por violencias machista subiron un 9% en Galicia, no ano 2016 cada ano soben máis que o ano anterior, cada día 15 mulleres galegas denuncian un caso de violencia machista a maioría delas na nosa provincia e só en Vigo a media mensual de ordes de aloxamento activas é de 180, dende logo son números o suficientemente preocupantes como para tomar tódalas medidas que

teñan nas mans tódalas administracións para apoiar a estas mulleres que insisto son vítimas de violencia machista e dicirlles entre todos que non están soas, que teñen o apoio de tódalas administracións e neste caso que teñen o apoio do Concello de Vigo porque ademais os números nos din tamén que hai posibilidade de saír, de deixar atrás o maltrato e hai posibilidade de abrir a porta a esa esperanza e por iso están loitando moitas mulleres e por iso é necesario apoialas e axudalas.

En Vigo temos unha unidade ademais pioneira en España, non só en Galicia, para loitar contra a violencia machista, unha unidade que se creou no ano 2006 sendo alcaldesa a Sra. Porro, unha unidade específica, un equipo de vixilancia e apoio á muller maltratada da Policía Local que a diferencia do que teñen outros municipios faise cargo de forma exclusiva e integral dos casos asignados, tomando declaracións, investigando, detendo, e facendo un atestado completo sen necesidade de pasar polas dependencias do Corpo Nacional de Policía. Polo tanto, fan unha labor extraordinaria dende esta unidade, extraordinaria que dende logo debemos recoñecer e debemos recoñecer a implicación dos axentes asignados a elas e non só nós senón todos, incluso a propia xuíz de violencia contra a muller recoñece ese traballo que está a facer dende esta unidade. Pero esta unidade que naceu cun oficial e policía e 5 policías asignados, non sufriu ningunha variación dende a súa creación, dende o ano 2006 e como dicimos o número de mulleres ameazadas e vítimas de violencia machista non fixo outra cousa que incrementarse, e se falamos de 180 mulleres de media ao mes que teñen ordes de afastamento, vemos que a proporción entre mulleres que deben de ser atendidas e protexidas e ademais que é un traballo de 24 horas, unha atención constante porque esas mulleres sobre todo necesitan tamén unha vez que dan o paso, que demostran o extraordinario valor de denunciar ao seu agresor o que necesitan é saber que teñen a súa disposición a un axente as 24 horas. Cremos que este número é insuficiente, cremos que é necesario que se reforce esta unidade, cremos que debemos apoiar a esta unidade e de dotala con máis medios materiais e con máis medios persoais porque fai falla incrementar ese apoio ás mulleres que denunciaron e por iso presentamos esta moción con todo o espírito construtivo e tamén pedimos nesta moción que se cumpra o acordo da Xunta Local de Seguridade de 2012, onde se apostou pola creación dun grupo de Policía Xudicial.

Creemos que é necesario a creación deste grupo, cremos que hai que apoiala e dende logo vimos aquí a pedilo insisto, esperando o consenso, que todos apoiemos o dotar de maiores medios persoais e materiais a este servizo e que dende logo esteamos á altura do que neste momento necesitan as mulleres que están sendo vítimas e insisto, neste caso estamos a falar de recoñecemento xudicial, de vítimas de violencia machista e a necesidade que hai de protexelas, de atendelas e de estar aí de forma permanente as 24 horas do día, así están nesta unidade e necesitan axudas, unha vez máis, recoñecendo o extraordinario traballo que están a facer os membros da Policía Local e tan necesario neste momento.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Moi a favor da proposta de aumentar efectivos que loiten contra a violencia machista, máis o problema non radica só na cantidade tamén na calidade e no resto de medidas que non se están a adoptar por parte do goberno. Nos últimos seis anos recortouse máis dun 26% o Orzamento en materia de violencia de xénero a nivel estatal, é evidente que a loita contra a violencia machista ten que ser unha loita de tódalas institucións, mais non podemos ser hipócritas no Concello mentres estamos a recortar no Estado e que non presuman agora de subir este ano o orzamento en materia de violencia machista porque isto foi como cando subiron as taxas universitarias case un 100% e logo as baixaron un 10%, dicían que nos facían un regalo.

No nosa sociedade educada no étero patriarcado dende que as crianzas teñen uso da razón só lle importa a violencia machista ao 3,6% da poboación, e o goberno nunca fixo nada por aumentar esta porcentaxe aplicando pedagogía feminista, pero que esperamos se sae unhas das máximas responsables do Partido Popular en prensa dicindo que o feminismo vai en contra dos homes, non se implican vostedes na prevención, fan campañas culpabilizando e centrando a violencia machista como se foramos as mulleres as que asasinamos, violamos, humillamos e crucificamos ás propias mulleres, a eles non se lles educa se nos educa a nós, para non ser violadas nin asasinadas, pedíndonos valentía para denunciar, dicindo que non estamos soas, cando a realidade é máis que evidente. Antonte o día 24 vimos de coñecer que case 31.000 mulleres deixan os seus traballos para coidar de crianzas, maiores e dependentes, fronte a tan só 2.600 homes, isto provoca o rol sexista da nosa sociedade e a dependencia económica da muller, o goberno non fai

nada absolutamente para evitalo, segundo o informe de Médicos do Mundo móstrase como a estratexia estatal de saúde reprodutiva ten unha aplicación case nula no referido á educación sexual e non conta cun orzamento específico, o que tamén xera unha importante iniquidade territorial na súa implantación, logo xa non falemos dos anticonceptivos hormonais que deixaron de estar cubertos polo financiamento público ou das barreiras no acceso a interrupción voluntaria do embarazo que depende das obxeccións e das sensibilidade dos profesionais xa que non está garantido no sistema nacional de saúde.

Tamén fala o informe da Xunta de Galicia, o seu compañeiro o Sr. Feijóo tamén é responsable de que Galicia sexa unha das oitos comunidades autónomas que carecen de centros de atención para vítimas de violencia sexual de xénero, instemos tamén á Xunta de Galicia a que loite eficazmente contra a violencia machista dende a prevención, pasando polos recursos e rematando polos efectivos e se o convenio do 2006 que asinaba a Alcaldesa a Sra. Porro era entre a FEMP e o Ministerio de Interior ao goberno do Estado tamén supoño que lle tocará chegar a súa parte.

SR. LÓPEZ FONT: Eu lamento que se presentara esta moción, nun tema tan serio e tan sensible no que non se nos poden dar leccións Sra. Muñoz dende o Partido Popular e o dicía a concelleira de Marea de Vigo, neste momento cando se recortaron dende as súas instancias de goberno, partidas tan importantes, e digo que non se debería ter presentado esta moción porque non convén crear alarmas baixo un discurso aparentemente moi bonito sobre un tema tan sensible, aquí hai dous debates, o tema da violencia de xénero e a súa repercusión social na que eu non vou entrar e no que vostede si entra e que ese é o outro debate en canto aos medios que poñemos cada administración a disposición. Os datos básicos desta moción son absolutamente inexactos, e é Sra. Muñoz moi malo e moi perigoso que se diga que os medios son insuficientes nun tema tan sensible como este.

Se vostedes querían coñecer a realidade sobre isto, preguntame e lla conto, pero o que non se pode facer é ao revés, a realidade dos medios que teñen a Policía Local é a seguinte, a EVAP está constituída por seis policíaas, é o único que se di correcto nesta moción, pero vostede debería saber que hai outros seis Policíaas Locais do servizo de información, SERIN, que traballan conxuntamente, en equipo, co mesmo

mando, cos mesmos medios para atallar a violencia de xénero e actuar na protección das mulleres. Polo tanto, se houbo unha variación dende o ano 2006, claro que a houbo, que onde había seis hai doce, e sabe de onde saíron os seis a maiores, que chegamos ata doce? Da decisión que tomou o Alcalde, o Sr. Abel Caballero, o primeiro día en xuño de 2007 de adicar seis policíaas que só facían tarefas de escolta a anteriores alcaldes/esas, destinalos exclusivamente ao tema de violencia de xénero, polo tanto, creo que isto si que é importante, polo tanto, tamén o ratio do que vostede fala é moi ao contrario, ademais direille que é un ratio que ningún corpo Policial utiliza, non sei de onde o quitou vostede pero o ratio é moito mellor hoxe, con o que lle estou a contestar, máis ben informando e é que temos un axente para 14 mulleres porque hai que falar cos datos exactos, non, non se incrementou o número de mulleres a protexer, no ano 2008 eran 348, hoxe o que lle corresponde á Policía Local son 173 porque hai un tema que vostede parece que descoñece e que é fundamental nesta cuestión e é que corresponde a Policía Nacional a distribución da actuación entre os distintos medios policiais e cando a nós nos correspondía un 40% ata outubro do ano pasado, neste momento nos corresponde un 30% porque entrou a actuar a Policía Autonómica. Polo tanto, temos unha menor carga de traballo, un maior número dos que din vostedes, polo tanto, os datos son totalmente os contrarios aos que vostede di, non se pode estar dicindo Sra. Muñoz que a EVAP presta un servizo impresionante, fabuloso, etc. que o é, efectivamente porque este goberno leva dez anos actuando neste tema, pero non só actuando dende o punto de vista policial senón un traballo recoñecido efectivamente por outros medios policiais inclusive polo ámbito xudicial. Pero nós no que é o conxunto da política integral de protección ás vítimas de violencia de xénero estamos orgullosos do que facemos porque ogallá houbera incluído vostede na súa moción a partida orzamentaria que destinamos a isto, que son 710.000 euros, tamén damos formación Sra. Muñoz, subvencións a asociacións, hai un centro de emerxencia único en Galicia que atende estas cuestións e que é pagado polo Concello, temos pisos de acollida, atención domiciliaria, plans de emprego e temos actuacións de canguros. Polo tanto, dende este goberno orgullosos de dez anos, non de uns meses como di da Alcaldesa a Sra. Porro, aquí o que debería reivindicar é a atención por parte do Goberno Central e por parte da Xunta de Galicia pero se a súa preocupación era o número de efectivos que temos, eu non

vou facer comparación con outros corpos policiais pero afortunadamente garántolle que temos máis medios que o resto das forzas e corpos de seguridade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr.Font que vostede di que lle parece mal que tivésemos presentado esta moción, a min o que me parece mal e ao que dende logo a nós nos parece mal é desgraciadamente ter que presentar esta moción porque nos houbera gustado non ter que presentala porque non ten vostede que atender o que o Partido Popular lle está a dicir neste momento, atenda ao que lle diga os propios policía, atenda as solicitudes que hai escritas e senón o sabe porque vostede aínda que é o responsable do ramo como está a outras cousas, como vostede presenta moción por tweets e fai esas cousas do día a día que tampouco ten que teñen que ver cos problemas que teñen a día de hoxe os vigueses/as, escoitaría aos policía e escoitaría a reclamación de que se dote o servizo, e a min o que me parece grave é que veña vostede aquí e un tema como este faga vostede demagogia e minta, porque vostede está a mentir cando di que son once os policía asignados, efectivamente son once máis un oficial, hai que falar con propiedade, eu acostumo a facelo, vostedes non; son os policía asignados ao servizo de información pero os únicos que están e dio a RPT, que está publicada, asignados a estes servizos son cinco policía e un oficial e esa é a realidade e enriba non están adicados en exclusiva porque as veces se lles manda facer outras cousas e vese nos partes de servizo. Así que, Sr. Font por favor, polo menos teña vostede a decencia dun tema tan grave como este vir aquí cos números e dicir a verdade, xa se non quere reforzar o servizo non o reforce, é moito máis fácil gardar aquí tódolos Plenos un minuto de silencio, poñer un cartel moi bonito para facer unha foto ao seu carón contra a violencia machista e despois non poñer os medios, é moito máis fácil Sr. Font, pero dende logo o que non poder vostede vir aquí é a dar datos falsos de que hai un número de unidades que están a traballar niso cando non é verdade e ademais o arrebatan os datos dos propios servizos.

Polo tanto, sexamos serios neste tema, vexamos realmente o problema, poñamos tódolos medios para axudar a esas mulleres, tódolos medios, tódolos partidos, este non é un tema de partidos e á Sra. López Barreiro habería que dicirlle que parecía máis ben unha concelleira Socialista nesta constestación, xa nos ten acostumbrados

a Sra. López Barreiro que fai oposición á oposición tamén, non só o goberno, tamén a oposición fai oposición á oposición do Partido Popular pero o que teñen que poñer é nos temos que remangar, loitar e traballar polas mulleres vítimas da violencia machista.

Nós queremos traballar por elas, esperamos que vostedes tamén queiran, rectifiquen con este tema non se xoga porque este tema é un tema moi grave e hai que traballar por elas e dende logo, dende o Partido Popular o único que se fixo é redobrar os esforzos para loitar contra a violencia machista, estamos falando de Vigo, do Concello e queremos máis policía atendendo a estas mulleres, temos unha unidade, aproveitémola.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.04.2017 (Rex. Nº 1547/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

14(72).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO AOS PROXECTOS PRESENTADOS PARA A PANIFICADORA.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Pregamos que tódolos proxectos presentados para a Panificadora sexan expostos publicamente e non só o proxecto gañador.

15(73).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO INCENDIO DO VEHÍCULO SITUADO NO PARQUE MÓBIL.

SR. GAGO BUGARÍN: Queríamos que o goberno municipal nos clarexase cal foi o problema en relación ao incendio que se produciu no Parque Móbil do vehículo eléctrico, se ten mobilidade ou non, se están aparcados sen darlle uso, se levan catro anos as baterías sen mobilizarse, é dicir, sen darlle uso e polo tanto, se están eses vehículos en condicións de seguridade dentro Parque Móbil.

PRESIDENCIA: Contestarémoslle por escrito.

16(74).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á XENTE QUE ESTÁ ACAMPANDO DIANTE DO CONCELLO.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu volvo facer o rogo de que por favor, reciban vostedes á xente que está acampando diante do Concello.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17(75).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO Á CONVOCATORIA DE ELECCIÓN PARA ELECCIÓN DO CARGO DE TESOUREIRO NA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Vistas as reivindicacións do colectivo, cal é o motivo polo que, trala dimisión do Tesoureiro da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, non se convocan eleccións para a substitución de dito cargo.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.